A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL
N.º 37 ● DO 10 AO 16 DE NOVEMBRO DE 1978 ● 30 Ptas.

A DROGA, EVASION ORGANIZADA

páxinas 10 e 11

CORFI, reto ao sindicalismo de clase

páxinas 3 e 4

O clan das ondas «probes»

páxina 6

Desprotección oficial da vivenda

páxina 5

Bumedian, desaparece o artífice de Arxel

páxina 14

en poleiro alleo

XURADOS CON MOITA VISTA

Das crónicas relativas á broma macabra da semá, a concesión nada menos que do «Premio Nóbel da Paz» a Anuar el Sadat e Menahem Begin, escollemos a que, con data 28 de Outono, publica «El Correo Gallego». Recolle as declaracións do comité noruego outorgante, no senso de que se derruba «una muralla psicológica que por una generación entera había bloqueado el entendimiento y el contacto humano entre Egipto e Israel». Pra máis. lóuvase «la iniciativa positiva



tomada por el presidente norteamericano Jimmy Carter». suliñándose que os acordos de Camp David representan «una victoria para la idea de la paz en esa parte del mundo».

Xa non é o galardonar ao represor do seu pobo e ao vello carniceiro da guerrilla sionista. Xa non é o proclamar «benefactores da Humanidade» ao xenocida do pobo palestino e ao traidor inveterado da causa árabe. Xa non é que o «Tío Sam», aparte de «forrado», se vexa «adorado». E que, pra afirmar que o mundo árabe se vai deixar impoñer a «paz» xudeo-exipcia (a «paz yanky», vamos), ou moito curto anda un de vista, ou moi curto quere andar.

CARA ATRÁS COMO O CANGREXO

Quen firma Juan Luis de Simón Tobalina, pesoa obsesionada polo político conservador español Antonio Cánovas del Castillo, e engaiolado polas Constitucións francesa e inglesa e polas «cotas de libertad (sic) y prosperidad» atinxidas pola Alemania Federal, aditorializa en «El Ideal Gallego» do sábado 28 de Outono, co título «Cauce jurídico de convivencia». sobor da Constitución española de 1931 e a actual, e máis concreto de «dos problemas siempre conflictivos en España»: o relixioso e o educativo. No primeiro, denuncia o «torpe sectarismo (da do 31) al... disolución de las que constituyan un peligro para la seguridad del Estado, ...prohibición de ejercer la industria, el comercio y la enseñanza, facultad del Estado de nacionalizar sus bienes». Mellor, xa que logo, a actual, que afirma que «los poderes públicos tendrán en cuenta las creencias religiosas de la sociedad española y mantendrán las consiguientes relaciones de cooperación con la Iglesia Católica y las demás confesiones». Pra afirmar deseguido: «Esta referencia a la fe del pueblo es elemental». E da educación, qué vai decir: «...La fórmula de solución del problema es un poco imprecisa en aras de una flexibilidad conveniente para que en el futuro puedan gobernar... tanto las derechas como las izquierdas, sin que aquellas puedan atentar ni destruir una libertad de enseñanza que es hoy exigencia especial en los pueblos civilizados».

Aos ciudadanos da nación galega, o mesmo nos vai premer a bota do 31 que a do 78. Así e todo, é ben fastidiado que, 47 anos máis tarde, a lei española dera 47 pasos atrás: e que o Estado se encargue de problemas da conciencia de cadaquén, e non de evitar que calquer secta, por mor da «libertad de enseñanza», forme aos cativos ao seu «sectario» entender.

AS «RABIETAS» DA UCD

Unha información de «El Ideal Gallego» de sábado, 28 de Outono, inserta unha información que, nos seus comenzos, reza: «Crear una federación gallega de UCD ha sido también un proyecto acariciado por un grupo de parlamentarios de Galicia.

Esto contáballo á prensa o diputado Pardo Montero, na tarde do 25 de Xulio, despois do «correctivo» recibido por Rosón de parte dos seus compañeiros de autonomía e por todos eles de parte dos nacionalistas. E esta tentación, asegún o «Ideal», parece volver rondar as mentes de sus señorías despois do novo «correctivo», esta vez



de parte dos seus xefes de Madrid: «...Una UCD —la gallega— que no ha sido bien compensada en el primer congreso del partido si tenemos en cuenta el tanto por ciento de electores que tuvo en Galicia en las elecciones del 15 de Junio del pasado año. Pocos gallegos —y todos altos cargos de la Administración central— han sido elegidos miembros del Comité Ejecutivo y del Comité Político».

Os señores da UCD «gallega», lémbranse de Santa Bárbara cando trona. E históricamente tarde.

SER GALEGO, ESTAR EN GALICIA

O «reló sin agullas», perdón, «sin horas» de Gallego Tato, marcou non importa que día desta semá pasada o tema da «Prensa gallega». «...En muchos coloquios ...siempre surge la queja ...referente a que en Galicia no existe una prensa gallega.»

«...Si a mí, personalmente, alguien me dijese que yo no soy gallego, no podría demostrar nada en contrario, a no ser mostrar las partidas de nacimiento y bautismo...»

«...Ayer me quedaba especialmente desconcertado oyendo ...repetir que en Galicia no hay prensa gallega. Lo cierto es que en Galicia hay nueve diarios... estaba el director de «El Pueblo Gallego», que a lo mejor resulta llamarse «El Pueblo Filandés» ...en la mesa redonda... representantes de «La Voz de Galicia», de «La Región», de «El Correo Gallego», de «El Ideal Gallego» y del Centro Regional de Televisión...» «...queridos compañeros de «Faro de Vigo»... momentos antes habían estado con nosotros los de «Ferrol Diario», y en suma, los pobladores de un mundo periodístico estrañable que se distingue, entre todos los de España, por su nominación, su declaración y su confesión de identidad regional»...

«...Y si en definitiva, toda la identidad, toda la vibración, la pasión, el trabajo del hombre gallego se reconoce real-



mente por la aversión o el rechace de la vida existente en otras tierras. Porque algunos suponen tal vez que para ser gallego basta con cerrar las fronteras a todo lo demás».

Lembrámonos daquela anécdota de certo señor con títulos e papeles de «aptitud médica» ao que case lle morre un pacente na Residencia en Lugo de non ser pola actuación dun conserxe con anos no posto... Lembramos todos aqueles que decote se anomean «gallegos» e «defensores de la región» e que suben cuotas empresariales, pechan fábricas e quitan licencias de pesca... Lembramos, en fin, certos editorialistas de última páxina dalgún «periódico regional», esaltantes de certos «xeitos» doutras terras pra os que, dende logo, era ben pechar fronteiras...

XA SOMOS

4.000



PRA QUE A NOSA TERRA SEÑA NOSA SUSCRIBASE, COLABORE COA PRENSA GALEGA

«En Portugal, Violas asalariaba especialistas pra acabar coa Intersindical, en Galicia é ademais o Goberno español o que non pode consentir un trunfo da ING... en Portugal, Violas chamaba á Guarda Nacional Republicana cos seus tanques pra impedir unha folga de solidaridade con 63 despedidos, en Galicia despide, pecha a factoria, declara suspensión de pagos, e a Garda Civil desaloxa aos traballadores da factoría ou de diante do Goberno Civil». Son palabras de Xesús Carlos Alonso e Vicente Carrera, membros do comité de loita de Corfi, un conflicto a piques de cumprir os seis meses, frente a un grupo especulador e maniobreiro que veu a este país pagando salarios de 4.000 pesetas e que agora lle sal máis a conta voltar pra Portugal —aló cada traballador incluso resulta máis barato neste intre— e borrar dun plumazo 500 postos de traballo.

CORFI RETO AO SINDICALISMO DE CLASE

O grupo portugués Violas leva catro anos instalado en Galicia, catro anos que aproveitaron pra obter uns beneficios de 700 millóns de pesetas lisos e ampararse nas regalías que concedía a política española dos «Polos de Desarrollo», ao tempo que se zafaba das consecuencias que prás esportacións portuguesas se derivaban da guerra colonial con Angola, Mozambique e Guinea.

O grupo Violas chegou, e con pouco máis de 100 millóns de pesetas e créditos dabando, montou en Porriño «Corfi Española, S.A.» Manuel Violas a principal cabeza do grupo, era noticia recén en diversos medios de comunicación no país veciño, ao serlle retirado o pasaporte polas suas relacións de boa amistade coa PIDE, policía política do salazarismo, e na sua historia poderíanse relatar moitos feitos coma estes: contratación duns trinta ex-comandos (forzas especiais do exército que levaron o peso efectivo no golpe de dereitas do 25 de santos do 75) pra traballar temporalmente nunha das suas factorías tentando cubrir un obxetivo único: eliminar a influencia da Intersindical portuguesa...

No patrimonio de orixe do grupo Violas, pódense contabilizar dende duas fábricas adicadas á producción de cordelería, redes e sacos —a Cotesí, con 1.600 traballadores, e a Corfi portuguesa con 400—, unha constructora e 600 casas, deica o casino de Espinho, unha plaza de touros ou un semanario. As suas actividades máis destacadas enmárcanse, sin ningún recato, no campo da evasión de capitais, a especulación e a sobreesplotación.

E Manuel Violas vén invertir a Porriño. Crea a Corfi, con 473 postos de traballo, pero un bo día decide a suspensión de pagos, o 2 de setembro deste ano, no medio dun conflicto pola negociación do novo convenio e contra 9 despidos, que está a punto de cumprir os 6 meses de duración. Deste xeito, os traballadores galegos apandan, outra vez máis, cun cambeo nos intereses deste grupo especulador que nestes intres, xa coa situación política estabilizada en Portugal ao seu favor, por riba de todo o que quer é eliminar un competidor das firmas portuguesas —de feito a Cotesí está xa cubrindo o mercado que dende o 74 viñera alimentando a factoría de Porriño.

«Imos decir Non a esa Constitución...» (Asamblea de Corfi do 2.11.78)

SALARIOS DE 4.000 PESETAS, UN EXEMPLO

Aínda non hai moito, deica o ano 76, o salario máis xeneralizado en Corfi subía a 4.000 pesetas e a sua plantilla intégrana maioritariamente mulleres. As irregularidades —todo o personal con categoría de aprendices e peóns, a facer, na realidade, traballo de oficiais—, e unhas condicións de traballo penosas, van ir definindo a situación de sobreesplotación nesta empresa. Nunca foron infrecuentes os desmaios, debido á producción de tósicos, nin o aturar temperaturas estremas, falla de auga potable ou a discriminación máis apalpable no reparto de horas estras «aos de confianza», como tamén foi habitual non atender nin siquer os dictames da Inspección de traballo —cuia intervención esixiu o comité de empresa— nin acordos que a mesma patronal tiña firmados, por exemplo no 77, segundo os que se comprometía a pagar primas polo aumento de producción, ou mesmo a instalación dun comedor que nunca materializou.

Na actualidade, cuns salarios de 16.000 pesetas e a piques de se cumprir os dous anos de vixencia do anterior convenio, o comité de empresa denuncia a revisión do mesmo e entende que debe negociarse no mes de maio porque a táboa salarial do anterior parte dese mesmo mes no ano 76.

En relación co devandito, o 7 de maio, nunha asamblea de fábrica, os traballadores deciden levar adiante un paro dunha hora diario de cara a forzar a resposta da empresa. «Pero un grupo reducido, xentes de oficinas e encargados, boicotean o paro acordado, e nós, os traballadores, subimos e quitámolos fora. Eles despois, en Maxistratura, declararon a favor da empresa».

O 12 de maio Violas pecha a fábrica pero os traballadores ocupana



Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.
Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xosquín. Fontenla Rodríguez, Xosé Luis. López Gómez, Felipe Senén. Moreles Quintana, Xosé Enrique. Varela García, César.
Director: Margarita Ledo Andión.
Redactores e colaboradores: Xosé Ramón Pousa, Xosé López, Antón L. Galocha, Sisto G. Cabana (A Coruña), Lalo González (Ferrol), Paco Arrizado (Lugo), X. A. Carracedo (Ourense), F. Franco, Mario Pousa, Ignacio Briset, Guillermo Pérez (Vigo), Guillermo Campos (Pontevedra), F. Cusí, Emilio Veiga (Barcelona), P. Iparraguirre, L. Auzmendi, A. Amigo (Donostia), María Alonso, L. Celeiro (Madrid), C. Durán, R. Palmás (Londres), Carlos Díaz (Xinebra), A. P. Dasilva (Porto), X. Cambre Mariño (Puerto Rico), E. Ibarzábal, X. A Gaciño, Moncho Viña, Jordi

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Diseño e confección: Pepe Barro
Fotografía: Brais Piño. Fernando Bellas.
Dibuxos: Xulio Maside, Xaquín Marín, Alfonso Sucasas, X. Carlos, Miquel Docampo.
Redacción e Administración: Troia 10, 1.º Santiago. Teléfonos
Redacción: 582681
Administración: (de 10 a 14) 582613

Imprenta: «Gráficas Alpima», Travesía de Vigo, 269. Vigo. Dep. Legal C-963-1977.
Distribúe prás provincias de A Coruña e Pontevedra DISTRIBUIDORA LAS RIAS. Telf. 209850-54 A Coruña
Bilbao DISTRIBUIDORA VASCA, teléfono 4231933.
Lugo: FOLLAS NOVAS. Telf.: 217685.
Ourense. Vda. de LISARDO.
Barcelona. F. RAFAEL ARTAL. Telf.: 2433658.

Pero ao mesmo tempo que os traballadores quitaban aos oficinistas das oficinas, houbo algún lío e parez que un lle deu unha labazada a unha das boicoteadoras e a boicoteadora respondeu cunha patada... Neste feito apoiaríase a empresa pra efectuar os despidos, e estes despidos promoveron unha folga de solidaridade. O 12 de maio, co peche da factoría, encétase de cheo un dos conflictos máis longos do movemento obreiro galego.

A AUTORIDADE DA BANDA DE VIOLAS

...«Empregouse a Garda Civil pra vixiar a fábrica cando os traballadores facían piquetes pra evitar a saída de material ou maquinaria, e hoxe que os piquetes deixaron o lugar, as autoridades abandonaron a vixilancia, cando máis que nunca é necesario vixiar a factoría pra evitar roubos ou danos que perxudiquen a continuidade da empresa. Temos que recordar tamén que se empregou a Garda Civil pra desaloxar aos traballadores do Axuntamento do Porriño e da mesma porta de Gobernación hai uns días, cando un grupo pedíamos que nos recibira o Gobernador. Pola contra, a empresa pechou a factoría coa intención de liquidar os 500 postos de traballo, acordou diante da Maxistratura en pagar as cantidades que lle debían aos traballadores e ningunha actuación nin presión esistiu por parte do Goberno pra que se cumprira...» decía un informe do 26 de setembro que os traballadores mandaron ao Goberno Civil de Pontevedra despois de ver perder un primeiro xuicio en Maxistratura, o dos despidos, —«eso que a Delegación de Traballo nos dera a razón»— ver que do segundo xuicio, o que decidía sobre a data de revisión do convenio, se tardaba máis dun mes en dar o fallo —«tivemos que ocupar a Maxistratura e aos cinco días fallouse, inda que de maneira ambigua, deixándolle a posibilidade a empresa de alongar a vixencia do anterior hastra setembro»— e ver que ganaban un terceiro xuicio, o 31 de agosto, en relación co pago dos salarios da primeira quincena de maio, pero que a empresa, aos tres días, o que efectivizaba era a suspensión de pagos e delcaraba «non queremos invertir máis cartos aquí, o problema nin siquera son os despidos, o que queremos é vender»...

Peches na fábrica, en Maxistratura, no Axuntamento... todo pra manter o posto de traballo

A forza pública actuou sempre da mesma banda

«MINAR A COMBATIVIDADE»

O mesmo día que Violas pechaba a fábrica, os traballadores ocupábana pero espulsábaos a forza pública, que repetía a sua actuación no Axuntamento do Porriño, diante duns traballadores que se pecharan nel pra presionar e esixir a reapertura da factoría e un concellal dimitía ao non aceptar o pleno unha proposta presentada de cara a tomar posición neste conflicto. Despois houbo manifestacións —o 27 de xunio e o 11 de outono— coas que se solidarizaría boa parte do pequeno comercio, e entramentras, aprecían dous grupos compradores cos que Violas non chegou a tratar en serio, preferindo recurrir á suspensión de pagos quizabes pra evitar un moi posible embargo —Banesto, principal acreedor; reclama máis de 300 millóns de pesetas, amais de reter 175 millóns como aval, dunha conta personal do mesmo Violas, pra o total dos créditos concedidos— e na última das asambleas celebradas polos traballadores de Corfi o día 2 deste mes de Santos, acordábase «atacar ao Goberno onde lle doi, na Constitución», por entender que dende o comenzo do conflicto a actuación da administración española fora colaboracionista coa patronal, unha administración que xa moito tiña que ver co camiño especulativo que sempre quiou ao grupo Violas na instalación de Corfi, e que, outravolta, se despreocupa de que 500 traballadores galegos queden na rua como quedaron os de Limas, Tradeal, Dresslok, ou a inseguridade dos de Tegalsa, Censa, etc., empresas, todas elas, do Polígono do Porriño.

«Ao goberno español preocúpalle somentes que se lle diga Sí a Constitución, pero nós sabemos ben da sua neglixencia e o seu compromiso cos grupos capitalistas que pretenden liquidar a factoría, sabemos ben como está colaborando na eliminación de postos de traballo na nosa terra e por eso tamén nos preocupa decirlle Non a sua Constitución, e decirlle que nós si imos seguir loitando polo dereito a traballar no noso país e por uns salarios e unhas condicións de traballo millores... e tamén lle decimos que sabemos ben do seu interés en que o conflicto non se solucione pra minar a combatividade e desprestixiar a ING... Así de claro».

«¿Qué pensa facer o Goberno? Axudou a nacer esta empresa especulativa e hoxe quere axudarlle a Viola a pechar e redondear o negocio.»



UNECO SELO DISCOGRAFICO QUE PULA
POLA CONSERVACION DA NOSA MUSICA POPULAR

xeira

«BULE, BERRA, CHORA»
X. M. CONDE

MERQUE DISCOS xeira

FAGA UN PEQUENO ANUNCIO NUN SEMANARIO AMIGO

A NOSA TERRA

INFORME

A VIVENDA DE «PROTECCION OFICIAL»

O gran capital non se interesa pola vivenda galega, e a pequena e mediana empresa son incapaces de enfrentarse coa negativa da Banca á financiación. A oposición desta a unha lexislación transitoria detivo a construcción de vivendas sociais destinadas a familias de reducidos recursos económicos, e na actualidade somente se constrúen aquelas ás que —da anterior lexislación ao 76— poden acceder ricos e probes —acceden case sempre os ricos— descoidándose así un sector que ao longo da historia foi sempre un eterno niño de fraudes. Un sector que non verá a sua solución fora dunha política antiespeculativa da vivenda e da financiación da pequena e media empresa, e fora duns intereses políticos esistentes en contra da millora da vivenda galega.

Galicia, ademais de sofrir unha economía de mercado onde o Estado estimula a iniciativa privada, non actuando senón en defecto desta, xoga un papel colonial dentro da estructura estatal. Un papel colonial que non se basea precisamente na potenciación da vivenda, desentendéndose da nosa nación neste eido o gran capital.

Así, se comparamos as edificacións anuais de calquera das nosas provincias e as dalgunhas provincias españolas, obteremos datos solprendentes: namentras no ano 1965 se construían na Coruña 3805 vivendas, en Lugo 844, en Ourense, 367 e en Pontevedra 1.414, en Alacant erquíanse 6.000 vivendas, 4.168 en Cádiz, 4.073 en Granada, 11.882 en Málaga e 6.110 en Murcia. Inclusive Jaén e Ciudad Real pasaban de 2.700. O índice máis alto do Estado correspondíalle a Costa del Sol, zona turística onde esiste unha auténtica subvención aos apartamentos.

En Galicia únicamente intervirían na construcción de vivendas a pequena e mediana empresa; a segunda sobrevivindo gracias aos cartos dos emigrantes e obrando nos grandes núcleos, e con diñeiro acumulado en repetidas pequenas construccións, a primeira.

A vivenda vén ser, por outra banda, un regulador de poboación ao incidir de xeito principal na elevación, nas nosas vilas, do nivel de consumo; nivel de consumo inacadable prás nosas clases traballadoras que, ao se veren espulsadas do agro, marchan á emigración, non podendo voltar namentras non teñan conquerido este nivel de consumo.

A LEXISLACION ESPAÑOLA

Os sucesivos gobernos españoles que nos derradeiros tempos actuaron a xeito de funcionariado do capital monopolista, foron acumulando erros estructurais nun sector que foi quedando irracionalmente organizado, tecnolóxicamente atrasado e que se convertiu nunha inesgotable fonte de beneficios económicos mediante a especulación, a corrupción e a sobreesplotación que nel dominaba. Así, chégase a unha situación de tensión entre os diversos sectores do capital: propietarios do chan e promotores, promotores e constructores, capital industrial e capital inmobiliario, etc.

Nestas condicións, en xunio do 1976, o Goberno lanza as **viviendas sociales,** cuia ideoloxía modifica agora a política de clientes do sistema financieiro, política pola que precisamente este rexeitou unha política na que non se lle tivo en conta. Entramentras as pequenas e medianas empresas ficaron sin financiación, sentíndose incapaces de aguantar durante o tempo da construcción sin uns cartos que somente chegarían ao remate.

Na lexislación que viña de aparecer, restrinxíase o acceso ás vivendas a aqueles que non cumpriran algunha destas condicións: a), que os seus ingresos anuais non superaran o resultante de multiplicar o salario mínimo interprofesional por 2,5; b) carecer de vivenda ou ben ocupar unha que non reúna as condicións que a lexislación vixente esixe prá concesión da cédula de habitabilidade. Condicións estas que provocan un retraemento total na Banca.

Asegún esta lexislación, na Coruña ou Ourense, por exemplo, un matrimonio con dous fillos tería dereito a unha vivenda por 997.920 pesetas.

AGARDAR A BENDICION DO CAPITAL

Tentando tapar este fracaso total, o Estado tenta facer cupos de vivendas moi pequenos e moi repartidos polas vilas de poboación media, confiando que na consolidación da democracia liberal seña a propia oligarquía a que cree outro tipo de vivenda de protección oficial.

E entramentras, as vivendas protexidas do grupo I —lexisladas con anterioridade ao 76— síquense construindo, e quén queira pode acceder a cantas queira, sempre que viva nunha e aluque as demais.

X. POMBARRO

No agro, nin siquera o paripé da «protección oficial»

crónica política

Si Castelao e Bóveda ergueran a cabeza non morrerían do susto, senón que rirían a cachón diante do autotitulado Partido Galeguista, esclamando ambos a dos: ¡sondes, xa dende o parto, uns embaucadores fracasados!

Porque somentes dende a máis supina das contradicións e das tolicies se pode anomear galeguista a un partido que, facendo abstracción de toda circunstancia histórica, política e social, afirma querer superar o capitalismo e o colectivismo (?), fala de dependencia, marxinación e empobrecemento de Galicia ao mesmo tempo que se reclama europeo, di que Galicia e unha nación configurada en nacionalidade (debe ser gracias ao poder da Constitución española), declara que «nin lei da oferta e da demanda, nin planificación xeneralizada», defende unha chamada lingoa nai, seña galega ou castelá, etc., etc.,

XOGAR COS MORTOS

Con bagaxe tan caricaturesco, Castelao non se pode dar por aludido, porque compre lembrarlles a estes «galeguistas» que todo o eixo da teoría do noso grande político está nun antiimperialismo militante, cousa que queda borrada deste mapa de neófitos. Neste senso, tampouco está de máis recordar o camiñar cara o españolismo dalgún sector da pequena burguesía que perteneceu a partidos que, polo menos teóricamente, se autoproclamaban anticolonialistas e pola Autodeterminación, cando agora entran en semellante saco cuio único oportunismo eficaz poder ser servir de operación-trasvase dunha UCD que nun futuro non moi lonxano pode correr peligro en Galicia si se mantén formalmente como tal. De non servir a esta operación, o autonomeado Partido Galeguista durará pouco tempo, porque sinxelamente non sirve pra nada a non ser pra confundir, xogando, inda enriba, cos mortos e coa tradición histórica do noso país. Hai síntomas que indican o sectarismo anti-nacionalista desta nova formación. Non doutra maneira se pode interpretar o feito de que á súa presentación estiveran convidados todos os medios de información, agás, naturalmente, do único galego que esiste no país, A NOSA TERRA.

SALVARSE TODOS

«Salvar el puerto es salvar La Coruña» proclamaba a grande pancarta, en español, dos partidos de dereitas e esquerdas que o único que queren é salvarse a sí mesmos individualmente salvando a sua política de servicio aos monopolios e as medidas do Goberno español.

Como na época do Xeneral Franco, a gran empresa monopolista (Fenosa colocou un carteliño convidando aos traballadores a asistir á manifestación...) o alcalde do Municipio, as forzas vivas locais chamaron ao pobo a correr inxenuamente polas ruas pra se facer eco de consignas abstractas e localistas, ocultando que os directores do coro son cómplices na operación de destrago do noso sector pesqueiro. Actitude lóxica dos que están por defender o seu negocio político que demostra ser un negocio de moitas siglas e non somente de dereitas. Dende AP, UCD pasando polo PSOE, PCE, hastra MC, POG... corean e practican todos o mesmo, inda que uns señan amos e outros comparsas.

O perdedor sempre é o pobo ao que se engana, aínda que andamos a coidar que cada vez o será menos, porque todos constatamos que hai xa quen non quere facer de comparsa, e se enfrenta a estas situacións.

OS TOPICOS DE CARRILLO

O señor Carrillo empezou a campaña polo Sí á Constitución en Galicia. Agradecémoslle ao grande líder eurocomunista esta deferencia. O señor Carrillo veu e repitiu os tópicos máis embaucadores e as manipulacións máis burdas. Non outra cousa son identificar Constitución española con democracia, Sí con democracia, terrorismo con contrarios á Constitución e, sobor de todo, o Non coa dereita e o Sí coa esquerda e cos traballadores.

O máis a que poden aspirar con esta política os eurocomunistas é a contar con máis escépticos en Galicia pero tamén con menos afiliados. Non outra cousa indican as cifras de asistentes aos mitins celebrados en Vigo e no Ferrol dos que a prensa, sempre defensora e propagandista das alternativas españolizantes e reformistas, non puido decir que foran un ésito, polo que ocultou a información sobre dos mesmos poñendo, nembargantes, grandes e rechamantes entrevistas co Secretario Xeral do PCE, a toda páxina, por dous días consecutivos.

E a prensa, Sr. Carrillo, concreta e especialmente a que tanto propala o seu «bo sentido», é de dereitas e anti-galega.

RADIOAFICIONADOS

O clan das ondas «probes»

Un bo equipo, con capacidade pra chegar a calqueira parte do mundo, pode chegar a costar 200.000 pesetas.

Entre 800 e 900 radioaficionados saen cotío ao «aire» en Galicia falando con todos os países do mundo, mesmo con compatriotas emigrados —principalmente de Venezuela— e constituindo unha rede de seguridade de ben probada eficacia e que non supón ningunha carga pra o Estado. Pola contra, os escesivos impostos que fan que un equipo de importación cheque a costar eiquí tres veces máis que no país de orixe, xunto co control do monopolio da Telefónica S.A. e a anticuada lexislación, veñen limitar as posibilidades dunha afición que moitas veces funcionou como servicio.

Dende o habitual seguidor dun programa de radio ao técnico que adica as suas horas de lecer á construcción de aparatos que lle permitan comunicarse con outros que en todo o mundo teñen as mesmas aficións, inclúese o mundo da radioafición. Nembargantes, radioaficionados por antonomasia son aqueles capacitados, técnica e legalmente, pra construir ou montar unha estación emisora e receptora facendo uso dela dentro dunhas frecuencias fixadas internacionalmente e que hoxendía fan totalmente factible o intercambeo de palabras entre todos os puntos do globo.

Co aumento do nivel de vida pra determinados sectores da sociedade, principalmente profesionais, a radiofonia estase a convertir nunha afición cun desenrolo semellante á do tenis, esquí, fotografía, etc., de xeito que hoxe en Galicia esisten máis de 800 radioficionados técnicamente preparados e legalmente autorizados pra emitir e recibir pola sua estación; o que constitúe unha auténtica rede de emerxencia de ben probada capacidade e que non lle costa nada ao Estado. Pola contra, a pesares desta laboura social que desenrolan, o «Ministerio de Hacienda» encárgase de cobrar o correspondente imposto de luxo e gravar en cantidades que a veces superan o 100 por cen do coste o metrial de importación. Por si fora pouco, topan coa paradoxa de que o seu servicio é unha graciosa concesión do monopolio de Telefónica S.A.

Chegar a ser radioaficionado non lle é factible a calqueira. Un bo equipo costa ao redor de 200.000 pesetas, aínda que o «Kit» máis elemental pra poder emitir pódese facer por 10.000 pesetas. De todos xeitos, ésta non é a maior dificultade: certificados de boa conducta e a total ausencia de antecedentes políticos, son imprescindibles pra obter un permiso que a Administración demora o maior tempo posible e nunca menos dun ano. Por outra banda, está o esame que probe a capacidade técnica esixida pra manexar a estación e que garantice a non interferencia doutros servicios. O control por parte da Administración é total, a pesares de que, despois, non está permitido falar de relixión, nin de política nin, por suposto de asuntos comerciais. Así e todo, 12.000 radioaficionados constitúen en todo o Estado a «Unión de Radioaficionados Españoles» (URE). Milleiros de persoas que cada día saen ao «aire» nun intento de conquerir a comunicación cos países máis lonxanos, comunicacións que, mediante o intercambeo de tarxetas, controla un organismo americano, e que proban a capacidade do emisor.

Os asuntos técnicos relacionados cos seus propios aparatos, as condicións de emisión, son os temas máis a miudo tratados por eles, sin quitar os servicios de urxencia que cada día se repiten: suministro de medicamentos, etc., sin contar coa intervención en catástrofes como a do Terremoto de Managua e acontecementos históricos como o golpe de Estado fascista de Pinochet, que xustifican por sí soios a sua eficacia.

OS RADIOAFICIONADOS ACUSADOS

O escándalo recén das escoitas telefónicas, especialmente a recomendación feita aos ministros pra que nos usaran moi amiude os radioteléfonos dos seus coches, así como as acusacións máis directas de TVE e «Cambio 16» aos radioaficionados, puxeron de actualidade o tema.

O Sr. Gonzalo Belay Pumares, esperto radioaficionado e delegado da URE en Galicia, así como director da revista mensual que edita esta sociedade, precisamente en Ourense, saíu ao paso en repetidas ocasións a estas acusacións: «Puxeron aos radioaficionados a nivel de espías e hai que clarexar que os radioteléfonos teñen unha frecuencia determinada por convenios internacionais i eso non é ningún secreto e o pode facer calquera, non se precisa ser inxeniero. Se o Ministerio do Interior o quer facer, non precisa dos radioaficionados, xa que dispón dos mellores técnicos ao seu servicio».

A UTILIDADE DA RADIO

No caso galego, o traballo destes radioaficionados vén demostrar as enormes posibilidades deste sistema comunicativo que, cun emprego racional, cubriría perfectamente as deficiencias que a mesma Telefónica non está disposta a cobrir. De momento, valían as esperiencias de intervención en catástrofes coma a do autobús de transporte escolar de Villamartín de Valdeorras, que o propio Sr. Belay nos relata: «Nós, daquela, tiñamos un equipo cedido á Cruz Roxa de Ourense, que agora lles quitamos porque se desmostrou que é un reducto fascista que non se axusta aos fins pra que o crearon. Cando a través do posto nos comunicaron a magnitude do accidente, demos conta ás residencias de Ponferrada e de Ourense, de tal xeito que cando chegaron cos rapaces, xa tiñan todo disposto. Por outra banda, a nosa petición de ambulancias fixo que se chegaran a desplazar hastra de Viana, Valenca, Chaves e Vila Real. Asimesmo, dado que os pais dos feridos non sabían onde levaran aos seus fillos, conquerimos a identificación dos nenos internados en cada centro e comunicarllo aos parentes».

Así e todo, as dificultades dos radioaficionados son patentes, por unha lexislación ríxida de máis que impide mesmo a instalación de antenas esteriores imprescindibles prá emisión: «disque poden interferir, e o que realmente está interferindo son as antenas colectivas mal instáladas, os interfonos desaxustados e algunha que outra emisora privada de instalación deficiente. Nós, pola contra, o que facemos é detectar aos reais interferidores pra que non dificulten a nosa emisión». A deficiencia da lei permite asimesmo o aumento arreo de emisoras «piratas» na frecuencia urbana ao limitar tan drásticamente o acceso ás licencias.

Dentro deste panorama, parece ser que unha nova lexislación vai entrar en vigor a partir do próximo ano e que en boa medida pode correxir parte das deficiencias denunciadas. Por outra banda, ares de renovación tentan cambear moitos dos esquemas da URE, nacida en pleno fascismo. De momento, os radioaficionados galegos, seguindo a iniciativa dos cataláns, tentan ir cara unha asociación galega federable coas restantes do estado e que permita un traballo parello ás necesidades do país.

suteca

- MATERIAL TECNICO DE DIBUXO
- REPRODUCCION DE PLANOS
- FOTOCOPIAS

Santiago de Chile, 26, baixo.
Teléfonos 599639 / 599972
SANTIAGO

TALLERES NOS

MECANICA DO AUTOMOVIL
MOLINO, 47 / VERDUN
BARCELONA

HISTORIA DE GALICIA
(Benito Vicetto)
Edita: ALVARELLOS
Merqueá no seu libreiro
LOITE CONOSCO POLA CULTURA

Secretario Xeral da ING, Francisco G. Montes entende o actual pactismo como o reflexo sindical dun proceso político que tentan formular agora constitucionalmente e fala, con confianza, do papel xogado pola central nacional como parte do MNPG. Membro do CC da UPG, non cree, pra nada, no sindicalismo apolítico nunha colonia.

MONTES

Confianza en organizarnos nós

¿Cál é o teu orixe social?

—Eu són de estracción popular, són fillo dun traballador portuario, sindicalista na República represaliado durante a Guerra. A miña nai é de estracción labrega, como tantas mulleres da nosa Terra; a sua vida foi de criada de servir e aínda o sigue a facer agora.

¿Cómo foi a tua galeguización?

—Foi durante o bachiller, coma a de tantos mozos que nos anos 66 e 67 empezamos a tomar contacto co galeguismo, moitas veces polas lecturas en galego. O meu conocemento da obra de xente como Celso Emilio Ferreiro, Castelao, Manuel María e de tantos poetas galegos foi decisiva. Digamos que esto se agudiza coa miña marcha a Madrid a estudiar nunha universidade laboral, onde me decatei de que o home galego, é unha persoa diferente do español. Alí foi onde me organicei políticamente e empecei a traballar no nacionalismo. E a partir da miña galeguización e do compromiso co país, decateime con claridade da relación indisoluble que había entre liberación nacional e liberación social.

Fálanos, como asalariado, da esperiencia que foches acumulando...

—O meu traballo específico como asalariado, serviume para conocer o funcionamento real das empresas e pra ter moito máis claro o meu compromiso, ao serme patente a esplotación, esplotación connotada pola situación colonial de Galicia. Realmente, nos catro anos que traballei en «Cablerías Conductoras» de Vigo fun decantando moito máis o meu compromiso, chagando ao convencemento de que había que levalo deica o estremo que fixera falla, de que era necesaria unha organización de clase tanto política como sindical que partiran do dereito á autoorganización da clase obreira galega. E o meu traballo asalariado foi tamén a miña escola sindical, no sentido de que foi onde encetei xunto a outros compañeiros hoxe militantes da UPG, pola vía práctica, a esperiencia sindical que hoxe é unha realidade. Por outra banda, a miña situación personal foi moi determinante neste aspecto: Eu era inxeniero técnico e estaba dado de alta como delineante de 1.ª mentras facía o traballo de perito con responsabilidade dentro da empresa... en fin, sofrín xunto con outros compañeiros situacións inxustas e vin a realidade dunha nación colonizada, onde tés que apañar o traballo que apareza sin poder facer nin siquera unha pequena escolla do que che gustaría facer.

Ti tiveches unha longa militancia baixo do fascismo...

—A miña militancia foi como a de moitos compañeiros; en realidade, o traballo de todos foi o que fixo hoxe a realidade do MN-PG e neste sentido non foi mellor nin pior que a de calqueira. Eso sí, ser militante comprometido durante o fascismo era un estado hastra personalmente bastante desquiciante, porque significaba unha grande inseguridade personal. Había que ter moitas veces a firmeza necesaria pra levar unhá doble vida, pra, incluso, ocultarlle o que eras a moita xente. Esto significou, alomenos personalmente, un carácter e unha firmeza ideolóxica que hoxe se fai por outras vías.

¿Cómo caracterizarías á clase obreira galega dos últimos anos do franquismo e qué alternativas se lle ofrecían?

—A partir do 72 empezouse a notar coma unha corrente de opinión no seo da clase traballadora que vía a necesidade de crear organizacións sindicais propias porque hai unha cousa innegable Galicia padece unha situación colonial e evidentemente a clase traballadora galega vende a sua forza de traballo nunhas condicións moi específicas enmarcadas por esta realidade. Esto supón na práctica que as características da su loita veñen moi marcadas por esta situación. Entón, o feito de non estar perfilada unha línea sindical anticapitalista e anticolonial fixo que, incluso pola presencia política do PC, o movemento organizado, aínda que feble, o hexemonizasen as CC.OO. Así foi deica o ano 75.

Que papel cumpriu a ING na transición á democracia liberal e, de non ter xurdido, cal sería a situación hoxe?

—Esto está clarísimo; o papel da ING non se pode contemplar dende un punto de vista puramente sindical, hai que contemplalo como a especifidade do traballo do nacionalismo popular e da UPG dentro do campo sindical. Nestes anos de transición foi cando houbo un aumento real do nacionalismo popular, cando se empezou a notar a introducción social do nacionalismo. E neste senso, o feito de estar conformadas xa as líneas mestras dunha opción sindical patriótica supuxo a posibilidade de atraquer nova base social entre a xente traballadora pra o nacionalismo popular.

Eu penso que hoxe, de non esistir a ING, no aspecto organizativo da clase traballadora serían hexemónicas as CCOO que ademais, non se terían visto obrigadas a galeguizarse formalmente e neste momento nin terían as dificultades que teñen pra facerlle comulgar á clase traballadora con rodas de muiño, e, evidentemente as batallas contra o Pacto da Moncloa non se terían dado nin a posta en cuestión da política sindical de pactos e de colaboración co capital imperialista que



practican as centrales españolas.

A ING ten unha clara definición e dirección políticas. ¿Crees que pode haber sindicatos asamblearios, indefinidos ou que practiquen sindicalismo puro?

—Eu non creo no chamado sindicalismo puro, asambleario, no sindicalismo que tén por bandeira demagóxica o de «que naide decide por tí» «que naide vai manipular os asuntos da clase traballadora». Ao meu entender, o utilizar a bandeira do asamblearismo como «democracia total» e hoxe unha idea reaccionaria.

Reaccionaria porque evidentemente o que non tén sentido é practicar un sindicalismo puramente economicista, que vai por conseguir melloras prá clase traballadora e ofrecerlle como solución final, que é o que plantexan todos os sindicatos deste tipo, unha vía autoxestionaria, unha pretendida vía na que os traballadores, así en abstracto, son donos dos seus medios de producción pero que fundamentalmente esquecen unha cousa moi importante e é que aquí, hai loita de clases e nun país capitalista como o noso, e además colonizado, realmente pra rematar coa esplotación do home polo home, pra rematar coa situación que tén hoxe a esplotación da clase traballadora compre artellarse políticamente. A situación da clase traballadora é específica de cada país, e por tanto, compre loitar contra del do xeito que seña. E esto somente se fai artellando a loita sindical dentro duns plantexamentos globais que contemplen a toma do poder con carácter de clase. E todo tipo sindicalismo que non pretenda esto claramente, o que pretende é despolitizar á clase traballadora, pretende, fundamentalmente, facerlle ver que os partidos políticos comunistas consecuentes, xogan e manipulan os intereses da clase traballadora.

Evidentemente, todo o que seña sementar e fomentar estas ideas na clase traballadora é reaccionarismo. Por outra banda, ahí temos sin máis ao SPG apoiando na práctica a reforma do sector pesqueiro que preconiza UCD, esfarelando a pesca de baixura e polo tanto o posto de traballo de moitos dos seus afiliados. O caso de USO tamén é patente, os últimos exemplos demostran onde conduce este tipo de sindicalismo.

Nas profundas crisis económicas e laborais dos últimos tempos ¿cal foi a posición da ING?

—Na problemática laboral que se está a dar na nosa nación, hai que ter en conta que Galicia vive unha situación de **crisis perpetua** consecuencia do seu papel de nación colonizada. Neste sentido, os conflictos que se dan teñen un trasfondo político: a situación colonial que padecemos.

Así, calquer central sindical que enfoque a problemática galega como a problemática da mala situación económica, como un problema de reestructuración a nivel de Estado sin máis, está realmente perxudicando os intereses da clase traballadora galega.

Os problemas do sector naval de número crecente de empresas que están presentando espediente de crisis ou se están indo ao tacho na nosa nación, non é un problema que se poida reducir á mala xestión que se poida tratar de resolver, falando de situacións coiunturais, garantizando unha mínima estabilidade económica ou a través de adquirir unhos compromisos de apretar o cinto e ir soportando entre todos a crisis, etc., etc., a grandes rasgos enfoques que lle dan as centrales sindicales españolas á nosa situación, co que estamos en total desacordo.

Si realmente queremos ser consecuentes coa clase traballadora galega, temos que combater esto cunha perspectiva moi clara de esplicar as **causas** e de ofrecer como alternativa organizativa na nosa nación á ING. Calquer outra alternativa que non presente esto dentro destas perspectivas está obxetivamente favorecendo os intereses do capital monopolista. Está na práctica evitando o enfrentamento coas causas da situación de sobreesplotación da clase traballadora galega. Estas son as razóns do forte encontronazo da nosa línea sindical en calquer tipo de loita que se dá na nosa nación, dahí a nosa loita contra da política pactista imposta á clase traballadora, que non é facil botar abaixo porque vén de ganchete dunha serie de compromisos políticos que pra podelos combatir eficazmente necesitas non somente ter unha gran cantidade de afiliación, senón un país cunha clase traballadora plenamente concienciada, cousa que non é ainda real en Galicia hoxe.

¿Cal é a tua posición frente do proceso constitucional que se está a dar?

—Ben, a Constitución, por unha banda, nega a soberanía da nación galega e a posibilidade de que o pobo galego seña soberano.
E abertamente capitalista, déixanse ambiguas unha serie de cuestións pero, márcanse e concrétanse todos aqueles puntos que lle interesa ao capital concretar. Defínese esto como unha economía de mercado, a necesidade de estabilizar a producción e por tanto dos pactos sociais, a garantía dos intereses xerais cando, claro, non esisten intereses xerais, esisten intereses de clase, entón, ahí están condensadas unha serie de medidas as que se lle vai dar un rango de Constitución, de lei suprema do Estado, que van garantizar que a agresión colonial sobre Galicia se agudice e evidentemente que nos sigan a manter na nosa situación. Ahí están incluso na práctica reflexados hastra qué punto é unha pantomina o proceso autonómico, ahí está evidenciado hastra qué punto non é outra cousa que tratar de enganar ás nosas clases populares. Perante unha constitución como ésta, somente caibe unha postura que realmente seña efectiva prá nosa clase traballadora: a do non.

X.R. POUSA

Centos de postos e milleiros de persoas fan cada xoves un mercado popular ao que todos chaman «O Corte Inglés»

O regateo é unha práctica indispensable antes de formalizar a compra

SANTIAGO

O «Corte Inglés», un mercado popular

Primeiro foron uns poucos postos de retales, de roupas de zocos e coiteiros que cada xoves, coincidindo coa feira do gando en Santiago, se iban poñendo á beira de San Agustín a un lado da plaza de abastos. Chegou un intre en que o mercadillo foi medrando, viñeron os moinantes e trouxeron de todo, xa non cabían na plaza, a xente que acudía masivamente pra conquerir o pano ou pantalón que no comercio resultaba máis caro e que aquí, pra os que sabían practicar o arte do regateo, levábase a mellor precio. Deron en chamarlle o «Corte Inglés», a verdade é que había de todo. Tanto chegou a haber que hai dous anos houbo que trasladalo pra San Roque, ao pé do edificio de Santo Domingo.

Hoxe, centos de pequenos postos ocupan en ringleiras as aceiras dunha longa rua e milleiros de persoas aproveitan o viaxe á feira pra mercar o necesario neste «Corte Inglés» regateiro e popular.

Reportaxe gráfico: PIÑO

Hai que aproveitar

A propia rua sirve de probador. Non hai inhibicións.

As primeiras víctimas do Grand Sole

Outro botón de mostra do problema pesqueiro no noso país aparece agora en Celeiro (Viveiro) cando o armador do barco «Urgain-BI» lle anuncia á tripulación que vai retirar o barco a Andorra e que quedarán os dazasete tripulantes sin enrolar por carecer de licencia pra faenar no Grand Sole. Igual que pasa noutros portos de Galicia, os mariñeiros amais de quedar sin posto de traballo, non terán tampouco dereito o paro.

O STGM (ING), sindicato ao que está afiliado a totalidade da tripulación, reafírmase na sua postura de denuncia, que xa noutras ocasións tén feito, de que os acordos coa CEE sobor das 200 millas e as pretendidas solucións pactadas entre o Goberno, as centrales sindicales españolas e armadores, somentes fan de guieiro pra que os traballadores señan os únicos que carguen coas consecuencias desta situación, quedando sin posto de traballo, na rua e sin seguro de desemprego.

«Está claro —coméntanos un mariñeiro— que tanto os armadores coma o Goberno español tratan de desentenderse de nós, aínda que —engade— a nosa postura sigue firme en esixir que se nos garantice o posto de traballo».

Os mariñeiros máis ben pensan núnha maniobra contra deles, que creen na gravedade do Grand Sole, «hai sitios onde pode esgotarse a pesca, xa que ó traballar seguido alí aféctalle, pro a sua amplitude permíteche cambear de lugar». Pola sua banda, un representante da ING concluía:

«Hoxe no noso país estanse pagando as consecuencias dunha gran deficiencia na planificación da pesca levada adiante nos derradeiros anos. Doutra maneira sería si a nosa riqueza pesqueira fora recollida prioritariamente por barcos galegos. De outra maneira sería si esta planificación da pesca non estivera orientada somentes a coidar dos intereses dos grandes armadores e dos monopolios coma pode ser PESCANOVA; se non, que se basee nos nosos recursos naturais e que, en boa medida, se derive deles».

As firmas que avalaron a «Elnosa»

Hastra de agora sabíamos que ELNOSA («Electroquímica del Noroeste, S.A.») infrixía a lei de contaminación atmosférica do 22 de nadal do 72, así como o decreto do 6 de febreiro do 75. ou a orde ministerial sobre contaminantes químicos na atmósfera do 10 de agosto do 76: sabíamos tamén que incumple o regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e peligrosas do 30 de Santos do 61 e a resolución correspondente ao 23 de abril do 1969 e a Orde do 29 de abril do 77, referentes a verquidos ao mar ou mesmo que representa unha longa restra de infraccións graves dos Plans de Ordenación de 1953 e 1970... e hoxe tamén sabemos, con documentos que así o demostran, quen foron, esactamente, os que a nivel local permitiron e firmaron a instalación de Elnosa na ría de Pontevedra.



FORMALISMO E IDEOLOXIA

CÉSAR VARELA

Hoxe no ensino vense, unha serie de señas que nos están a decir que algo non funciona ben; se lles decimos aos alúmnos que nos falen da escola, do instituto ou inda do que se ensina na Universidade, en xeral a sua resposta é que o ensino os aburre, o que se lles conta nas aulas parece que tén moi pouco interés pra iles; alí, din, non se nos ensina nada práctico, nada que teña que ver coa vida diaria; á sua pregunta ¿pra qué sirve todo isto? adóitaselle responder que xa lle verán a utilidade cando sigan estudios superiores, ou ben porque istes conocementos forman parte do bagaxe cultural do chamado «home moderno»; non deben quedar moi convencidos cando reparamos nas suas actitudes cara ao ensino, que fora das minorías organizadas que fan un cuestionamento global do papel da educación en Galicia, a maioría vai dende a máis completa pasividadé (os chamados «pasotas») deica unha actitude de eficiente memorización (os típicos «chapóns») pasando nalgúns casos por unha rebeldía personal, sin racionalizar, rebeldía esta, por individualista, estéril, cara unha transformación do ensino. E as opinións que se lles escoitan aos ensinantes pra esplicar a situación son: «Os alumnos hoxe teñen pouco espíritu de sacrificio» ou «Hoxe hai moito vicio», tópicos istes que non aclaran nada, e chégase así a unha xorda oposición entre alúmno e profesor como si entre ambos estamentos houbese unha fonda contradicción.

Nós, pensamos que alúmnos e ensinante non teñen entre sí intereses contrapostos, e que levar as cousas por ise camiño é escurecer máis que clarexar nada; tanto uns como outros estamos mergullados nunha realidade social que é a que condiciona todo no ensino.

Imos, pois, poñer en observación algo que todos aturamos, tanto ensinantes como alúmnos, que son os CONTIDOS e o XEITO DE IMPARTILOS, pra así, turrando por iste fío, desenvolver a meada do aparello educativo que nos poñen.

Inzou, nistes últimos tempos, un tipo de ensino de aparente neutralidade ideolóxica baixo da sua pelica de «modernidade».

Todo ensinante que se precie de «moderno» tén de impartir as suas clases de Matemática moderna, de bioloxía molecular ou de filosofía estructural dende esta nova perspectiva, e caso de non facelo estará considerado como un anticuado e deberá pasar por uns cursos dos chamados «reciclaxes» pra se por ao día.

Ben seguro que por un complexo de inferioridade, diante de tanta tecnocracia, ninguén ousou cuestionar a comenencia ou non distas «modernidades» no ensino do noso E.X.B. e do noso B.U.P., non fora ser que o alcumaran de retrógrado ou anticuado...

En Galicia temos razóns pra ser desconfiados verbo dista tecnocracia, pois reparemos que no noso país o ser un home «moderno» e «progresista» está a significar poñerse a prol de cousas tan «incuestionables» como as autopistas ou a industrialización a calquer precio, cousas estas impostas por unhas leis que semellan «naturales» fora de discusión e cuase divinas como é a «lei do progreso» ou a «lei da oferta e a demanda», que se usan pra esplicar o papel desigual que lle corresponde á economía galega, e hastra se usa a «lei do universalismo» pra xustificar a eliminación do noso idioma e da nosa cultura ou inda pra xustificar o españolismo político e organizativo.

A nosa creencia de que vivimos nun país colonizado, de qué ao aturar unha situación de opresión actúa sobre nós a alienación correspondente, que nos pecha os ollos pra non sermos conscientes da nosa esplotación e a convicción, polo tanto, de que a educación xoga un papel fundamental nista labor de alienación, fainos ser desconfiados alor dista aparente neutralidade do ensino, diste esplicar o ocurrir dos feitos por unha «lei» como se dunha lei física se tratase.

No estudio de calquer custión social, sempre bota luz o estudiar o fenómeno dende unha perspectiva histórica; en Galicia non houbo sempre o mesmo tipo de escola e a comparanza da escola de hai tempo coa de hoxe sempre nos clarexará algo.

Pasamos pois dunha Galicia precapitalista, onde as clases populares recibían unha «educación» entendida como unha interpretación do mundo, da realidade social e mesmo da natureza, dende unha perspectiva relixiosa, que se impartía oralmente nas eirexas, pensemos na forza que daquela tiñan os institutos relixiosos, seminarios e conventos, Poio, Oseira, Samos, Oia, Armenteira...

As leis que rexen esta sociedade son morais e relixiosas; cos catecismos e historias bíblicas respóstanse preguntas como o orixe do home ou o orixe das linguas, e aínda se dan esplicacións da estructura física do universo baseados na Biblia.

A educación, eiquí, ha, de formar homes que crean que a esplicación dos feitos históricos e económicos, e inda os fenómenos da natureza, obedecen a leis divinas leis superiores e incuestinables que veñen dadas dende o esterior da sociedade.

No devalar do tempo, a estructura política e económica do estado español vai variando e Galicia ha de cumplir dentro dil o papel que lle toca.

¿Cómo afectaron os cambeos sociais producidos ao tipo de educación impartida?

O estado español vai tomando unha estructura centralista máis forte, e en consecuencia, o antigo reino de Galicia vaise ver dividido en provincias españolas.

Aparece a proletarización progresiva das clases populares, e como consecuencia, vaise dando cada vez máis a separación do traballo de creación do traballo de execución, coa conseguinte perda cultural.

Aparecen as escolas unitarias, onde a pesares de que aínda tén moita forza o estudio do catecismo e a relixión, xa se dá, dacordo coas necesidades dunha sociedade que se transforma, un ensino das ciencias positivas, as catro reglas, sistema métrico, rudimentos de xeometría e ciencias naturais; a historia de España sigue cumplindo o seu papel propagandístico de reforzamento da Sagrada Unidad.

Os fillos das familias podentes que denantes estudiaban pra cregos ou recibían unha instrucción imbuida toda ela de relixión, prefiren estudiar ciencias «positivas», como a economía ou o dereito, ou técnicas como inxenerías ou «marketing».

Agora, pra pechar os ollos dos esplotados, van deixando de se utilizar as leis divinas que denantes rexían a sociedade, e pasan a ocupar o seu lugar as leis sociais como as «leis do mercado» ou a «lei do progreso» que van ser divinizadas; ou seña que a cencia e a técnica se consideran agora como ideoloxías. A escola hache formar individuos que crean que a cencia e a técnica son forzas autónomas, que actuan dende fora da sociedade, ou seña fora da loita de clases, fora das loitas de liberación.

Isto é o que se nos pide aos ensinantes en Galicia, hoxe.. De ahí vén o asentimento gregario á Matemática moderna, da que se colle o aspecto máis formal e convírtese nun acugulo de estructuras alxebraicas e da propiedades das que non se esplica nin o seu porqué histórico nin pedagóxico; a gramática sofre un tremendo cambeo, que se sospeita se aos niveles de BUP e EXB non será somente un troque na terminoloxía con nomes tremendamente esotéricos, sintagmas, morfemas, núcleos ou semantemas, todo esto utilizado como pretesto pra non usar nin o idioma nin a cultura do noso país, a única capaz de contribuir ao noso desalleamento; a bioloxía baixo dun roupaxe do estudio da célula, de largas listas de proteínas e compostos químicos, agacha a sua negativa a informarnos do noso contorno biolóxico; ben seguro que tén máis cultura da natureza un rapazolo da aldea que calqueira dos nosos estudiosos... En resume, estamos a pasar do estudio de longas letanías da nosa infancia ao estudio de raras palabras de estranas ciencias que se nos fan pasar sospeitosamente por «ensino moderno».

É curioso que os mesmos profesores que hai pouco impartían un tipo de filosofía do corte máis escolástico señan hoxe os abandeirados da filosofía máis estructural e formalista; o ensinante galego aceptou todo iste tipo de ensino sin reflesión ningunha, sin contrastar, sin esperimentar, e implícitamente está aceptando toda unha consideración da realidade galega como algo residual, algo condenado a desaparecer porque actúan as leis «obxetivas» e «implacables» do adianto e do «progreso».

Esta ideoloxía nin siquera é nova na nosa terra. A creencia que un «progreso» calqueira resolvería os problemas de Galicia xa se manifesta en Curros Enríquez no seu poema adicado á chegada da primeira locomotora a Ourense; alí lese:

Vela ahí vén, vela ahí vén avantando
có maros e corgas e vales e cerros

.....

Tras dela non veñen
abades nin cregos
mais ven a fartura
¡i a luz i o **progreso!**

.....

Bon samaritano,
dalle auga ó sedento;
que **a máquina é o Cristo**
dos tempos modernos.

Coa chegada da locomotora, do progreso, pensaba Curros, os neboeiros e escurantismos, a miseria, desaparecerían; (os mesmos nomes de «calle del Progreso» de Ourense ou do xornal «El Progreso» de Lugo, son bos espoñentes da ideoloxía daquil tempo). Chegar, chegou a locomotora a Ourense e inda foi deica á Coruña, mais a situación galega non se resolveu.

O desafío que ao ensinante galego lle impoñen os tempos, é desenmascarar o que baixo de argumentacións tecnocráticas, aparentemente asépticas, trai agachada toda unha actitude de esplotación e barbarie cultural sobre do noso pobo.

historias de esmagados — Por X. MARIN

INFORMES:

A DROGA EN GALICIA:

«A REVOLUCION DOS SENTIDOS»

Na percura «dunha maior comunicación e solidaridade entre as persoas», na busca dun mundo ideal fuxindo do que temos, na fuxida dunha sociedade consumista, moita xente da nosa nación, moitas veces na sinxela busca de novas sensacións de placer, entreganse uns de cheo outros de xeito esporádico ao consumo de drogas; dende o «porro» de hàschis ao pinchazo de morfina ou anfetaminas, conducindo en non poucas ocasións ao inhibicionismo con respecto á problemática social «E certo que fumar é unha arma da reacción tal e como está enfocado hoxendía aínda que os que fumamos o facemos como un acto «revolucionario»

Por aburrimento algunhas veces, e as máis por unha insatisfacción social, moreas de xente chegaron a un mundo que sempre se amosou tabú: o mundo da droga. Un mundo de sensacións descuberto en Occidente na década dos sesenta polos hippys, que o opuxeron como arma á sociedade tecnocrática tan ao uso naqueles tempos.

Este ambiente, nun principio reservado a megalómanos marxinados, vaise estendendo entre a mocedade hastra noutros sectores sociais. Estudiantes, traballadores e mesmo executivos «planchóns» e homes de negocios, participan da orxía sensorial que en Galicia e polo baixiño escomenzou a ser realidade a partir do abril portugués. Pola fronteira de Verín, dende as colonias portuguesas, escomenzaron a entrar cantidades de «herba» dunha calidade propia dos productos que tentan abrir mercado, cara ao que sería o primeiro núcleo consumidor do país, o centro universitario de Santiago, pra, polo carácter da poboación estudantil, estenderse, vacación a vacación, ao resto de Galicia.

Nembargantes, o snobismo das drogas nacería pouco despois das eleccións do 15 de xunio e, unido ao desencanto de non poucos militantes de partidos de esquerda perante o desenlace das xerais, provocaría un aumento considerable no seu consumo. Eran xa unha realidade estendida aqueles exemplos que observábamos nas nosas poboacións costeiras nos mariñeiros galegos, que, sometidos a unha sobreesplotación brutal percorrían o mundo e traquíannos a sua «medicina salvadora».

Igual ca sucedera 15 anos antes en Italia, os militantes esquerdistas vían na droga a sua arma de rebelión «contra dunha militancia espartana», «na percura dunha solidariade pra os seus problemas individuais, despreciados ou polo menos esquencidos na organización á que pertenecían e que posteriormente os chataría de pequeno-burgueses».

En términos xerais pódese decir que a droga é todo aquel producto, xa seña natural ou químico, de efectos alucinóxenos ou estimulantes, que crea no consumidor un mundo artificioso, de sensacións e ilusións que case sempre levan á desinhibición do individuo. O total desconocemento que esiste encol da droga vén determinado pola consideración tabú que dende sempre se lle impuxo, ao non enfrentarse a sociedade co problema. Os gobernos occidentais teóricamente persíguena, pero a sua práctica axuda a fomentar o consumo co ánimo de crear seres non conflictivos, cando non encamiñado á propia desmovilización da mocedade principalmente. Neste intre, as multinacionais coma a Philips Morris ou L & M están rexistrando e xa empaquetando marihuana para tentar dominar un mercado que estiman non tarde moito en abríselles.

Os distintos tipos de drogas que habitualmente se consumen e polas suas enormes diferencias entre sí, virán producir ben diferentes tipos de efectos, en moitos casos claramente determinantes pra o individuo e noutros con efectos secundarios que non supoñen máis peligro ca o do hábito, ao mesmo nivel ca o do tabaco, por exemplo. As drogas máis fortes e de consecuencias máis acusadas pra o individuo serán o opio e a coca —das que se estraen a morfina, a cocaína e a heroína). Outros estimulantes coma as enfetaminas e o LSD afectarán á actividade física. A marihuana, pola sua banda, é un estupefaciente de efectos menores, aparecendo en forma de grifa, kif e haschis.

A «maría», a «herba» o LSD, drogas menores, estimulan a sensibilidade e a creatividade, aguzan os sentidos, proporcionan un benestar físico «sempre e cando non se teña un mal rollo».

Os ácidos, en forma de diminuta pastilla, teñen unha base de anfetamina e ás veces estricnina. Os seus efectos, que poden durar hastra 6 e 8 horas, resumiríanse nun «forte aumento da percepción nos sentidos da vista e ouvido, as coores collen unha forza antes nunca percibida e chéganse a escoitar sons que o cerebro xa nos ensinara a filtrar, o tic-tac, os ruidos do corazón, etc.» Despersonalízanse as partes do corpo e redúcese a coordinación muscular e a sensación da door Síguense a ver formas e coores aínda cos ollos pechos e tense a sensación de ver as cousas por primeira vez na vida.

O fumar desperta a axilidade mental e aparece rodeado dun ambiente ou dunha mística: moita xente precisa del como se pode precisar do viño; non por el mesmo, sinón porque é a única forma de conquerir un intre de conversa cos amigos —estimula a camaradería—

Anque a droga apareceu en moitas ocasións asociada co sexo, úni camente o opio produce ilusións eróticas. Nalgúns casos, coma o heroína, o placer sexual sustitúe polo dos «viaxes» e no haschis, sexo somente pode aparecer com unha asociación subxetiva. Clarantes que a maior sensibilidade dun drogado pode inducir ás relacións sexuais.

A droga de máis consumo nosa nación é sin dúbida o haschis que maiormente dende Marroco pola ruta de Madrid-Sevilla, chega aos consumidores despois de alterar a sua calidade e incrementar seu precio considerablemente.

A de traficante de drogas é toda unha profesión. Tanto é así que grandes personalidades chegaron especializarse nun tipo determinado e, coma un aditivo aos seus cargos gubernamentais, topamos con Anastasio Somoza productor de marihuana, ou Omar Torrijos, de heroína. «Grandes homes» que, xunto con outros personaxes do mundo diplomático ou financieiro, conforman unha mafia internacional que controla prácticamente todos os mercados do mundo.

Actualmente en Galicia a rede de comercialización non é dun calibre tal. Pódese falar duns círculos de distribución local, pro é agora precisamente cando esa organización multinacional tenta absorber também este mercado mediante a venda dun haschis de moi boa calidade e introducción de heroína a moi baixos precios. Non é outra cousa ca un intento de, por unha banda, fundir os círculos locais, e por outra

HA
MANA =

VIAXE
QUEDA

POR
Sinónimos do «porro» =

familiarizar ao personal co consumo deste estupefaciente casi inexistente no noso país, pra subirlle o precio, unha vez aberto mercado.

Na mafia local non aparecen nos lugares de consumo os auténticos comerciantes, senón que, gracias a intermediarios que poden traballar cunha comisión de 1 / 2 talego e mil pesetas por cada dez talegos vendidos, mercar talegos e vendelos, etc. Estes individuos case sempre son «trapicheiros» que ao tempo que venden son consumidores habituais. Algúns estudantes santiagueses poden chegar a sacar pra fumar un talego diario e pra ter un nivel de vida superior ao dos máis.

Os vendedores de rúa —cada un deles— son xente xeralmente moi manexable, sin personalidade, e son perfectamente teledirixidos polos traficantes de meirande envergadura, xente moi metida no ritual do fumar e na mística do chis».

O comercio da droga é un negocio que, por prohibido, e fundamentalmente sucio. Así, «se un se aventura sin conocer en absoluto a mercancía e sobre todo as relacións a dedicarse ao trapicheo, pode atoparse de golpe un producto totalmente adulterado, xunto». Rumoréase que aos ácidos mundiais mistura cianuro e en Santiago chegáronse a vender pastillas de confitería que «parecían» como haschis e é normal que o mesmo haschis cheque adulterado con xema, escremento de camello.

Sufre alteración a calidade como non, o prezo. Mentras un kilo de haschis costa agora 6 mil pesetas, en Galicia o producto pode situarse nun precio, con alteracións incluidas, de 200 mil pesetas. Un ácido mércase en Amsterdam por 80 ptas. e véndese eiquí por 800. Así, na derradeira venda, vén valendo o gramo de haschis en Galicia a 250 ptas.

No noso país xa esisten cultivos deica agora de uso particular, aínque somente se aproveita a herba pra fumala. Entramentras no sur da Península xa se chegaron a comercializar cultivos aborixes.

Contra do que acontecía nun principio, que a xente que consumía droga era máis desinteresada polo proceso social, constituindo o grupo dos que «pasaban de todo», hoxendía pode afirmarse sin medo a trabucarse que a droga é un hábito que sé introduce en todos os sectores sociais e mesmo nos politizados, tanto da dereita coma da esquerda. «Hai xente de A P que consume droga e dise que onde millor «chocolate» se atopa en todo o Estado é nos locais de FN en Madrid e Barcelona». As rapazas ben das terrazas da Coruña e Ferrol consumen droga, e moitos executivos tamén.

Empezouse fumando nas discotecas e nas casas particulares cando non no monte, e hoxe faise públicamente. Nos mesmos autobuses de Vigo, na Quintana de Santiago, nas ruas do Ferrol.

Hoxe a droga está sendo implantada nos propios Institutos de Ensino Medio e o chocolate é tema tan común de conversa como o pode ser o John Travolta ou a clasificación da liga. Nunha festa nun instituto de Ferrol, un profesor de inglés invitaba aos seus alumnos a un «petardo» perante a estupefacción do resto do claustro.

Tanto nos sectores mariñeiros como nos barrios obreiros, especialmente entre aqueles que pasan a vida a buscar traballo, a droga é habitual, e foron precisamente os mariñeiros a canle que elixieron os estupefacientes pra chegar a moitas vilas galegas.

As drogas duras empezan a estar introducidas principalmente entre persoas con acceso a recetas médicas, estudiantes, fillos de médicos, etc. que cando non dispoñen da droga en estado puro, acuden a unha moitedume de fármacos, maiormente anfetaminas. desidrina, mililip, Stil 2, etc. que a industria farmacéutica produce. O roubo de farmacias debeuse precisamente a esto. Moitas veces o abuso leva a que moitas personas se queden «colgadas» e a falla de hixiene e das máis elementais normas de desinfección provoca unha moitedume de casos de hepatitis e flebitis (todo o grupo se inxecta coa mesma agulla).

Pra os «pasotas» a droga é a sua guerra, e pra os máis seguramente tamén. Unha guerra ben probe pra os probes porque as armas coas que se deciden a loitar véndellas o enemigo. Tales serán.

X.R. POUSA
A.L. GALOCHA

– Dame unha chupada, anda.
– É de chicolate.
– Anque sea

DICCIONARIO DA DROGA:

HASCHIS = «chocolate», «tate».
MARIHUANA = «herba», «maría», «marimba».
LSD = «trips», «ácidos».
HEROINA = «caballo».
MORFINA = «morfa».
«FLAXE» = experiencia sensorial que provoca a droga.
«COLGADO» = estado de viaxe continuo
Unidades:
TALEGO = 1.000 pesetas.
CHINA = 1 ou 2 «porros».
PORRO = cigarrillo de haschis ou marihuana.
«PORRO» = «canuto», «peta»,«petardo».

EU SON DROGADICTO

A historia dun drogadicto, e a miña en particular, escomenza cando alguén te invita a fumar un canuto. Eu non sabía absolutamente nada, e o día que fumei o primeiro porro quedei totalmente escarallado. Estaba totalmente drogado. Non puiden asimilar o que estaba metendo por non coñecer os efectos que podía traquer. Descubrín que a marihuana é cojonuda pra min, que por exemplo millorei a hostia de dioptrías con ela.

Escomenzas polo haschis ou a marihuana. Algún día probas o ácido e quédaste acbionado porque é moito máis forte. Pero é que non podes facelo nunha cidade. E pra estar tranquilo, coa natureza.

¿A policía? Pois eso, de cocón polas calles, de facha. Esto prá música vén demasiado, sensibilízate á hora de traballar. Abreme a imaxinación, ensíname a utilizar a miña cabeza, a coñecerme a min.

Eu vivo cos vellos. Estou desexando irme da casa e gustaríame ter un terreiño pra min e ter alí a miña casa, erguerme pola mañá e ouvir os páxaros e non os autobuses do Vitrasa. Que non molesten e que non molestes.

E trapicheo algo porque a música non me chega prá vivir. E é que a xente tén que trapichear coma fonte de ingresos porque non che chega.

Estou todo o a gusto que poido estar e o que busco é vivir do meu traballo, e ter a miña casa e o meu rollo. E seguir así, estudiar música... A música é unha onda de sensibilidade. A música sintese e o músico tén que sentila e a droga sensibilízate moito. Ao estar moi sensible vives máis a música.

Eu penso que non se pode tratar a un individuo que se droga do mesmo xeito ca un que pega tiróns. E a policía faino. Un drogadicto non é un criminal. E a policía ve as películas de TV e actúan en plan dos Hombres de Harrelson ou así.

Estou en desacordo coa actuación da policía cara a delincuencia xuvenil, porque o trato que lles dan non é de persoas. As veces son eles mesmos os que funden á xente co trato e coas suas leis. Hoxe fúmase en todos os sitios, colexios, bancos, oficinas, comercios... Eu creo que está prohibida a droga porque abre o coco.

—Está prohibida porque non se pode controlar. E un vicio demasiado caro. E se o legalizan que non se pasen como se están pasando agora. Pra eles é millor ter cabezas valeiras ca cabeza funcionando. Eu non me poido pasar a vida loitando. Non poido loitar: non me quedaría tempo pra vivir e eu quero vivir.

A ORQUESTA SINFONICA DE GALICIA ¿UNHA UTOPIA?

A peculiar estructura socio-económica da Coruña do remate do século XIX, posibilitou un intrés ciudadano pola cultura que, a pesares do dano feito polos caciques do franquismo, aínda dura. No 1854 inaugurábase a primeira tenda musical de Galicia, a de Canuto Berea, que aínda esiste na Rúa Real e qu tén publicadas partituras de Adalid, Montes, Chané, Veiga... Os concertos, as representacións operísticas, os mestres de música, os circos e sociedades, posibilitaron a creación da «Orquesta de la Filarmónica». Anos máis tarde, o 15 de setembro do 1946, a Corporación Municipal aprobaba a creación dunha banda e dunha orquesta municipais de cuia dirección se encargaría o mestre Rodrigo de Santiago. Vinte anos máis tarde, sendo alcalde o señor Peñamaría, de Santiago, deixaba a cidade e tras del quedaba unha Banda de calidade e unha Orquesta disolta. As razóns da disolución sonme desconocidas, xa que as feridas aínda non pecharon e pouca xente quer falar delo; A NOSA TERRA invita aos seus lectores a facer o relato fidedigno do que pasou. Ao pouco de chegar, Roxelio Groba comenzou a loitar pola recuperación dunha orquesta ciudadana, xa que legalmente aínda esistía o compromiso da Corporación de tutela dunha agrupación sinfónica. Cando se decatou da resistencia municipal, fixo un novo plantexamento do problema e conxuntamente co director da Banda Militar, mestre Luis Coello, presentoulles ás Catro Diputacións galegas un proiecto de Orquesta Sinfónica Galega. A resposta de estas aínda é desconocida a pesares de que o proiecto plantexaba condicións tan favorables prá Administración como a gratuidade do cargo de Director. Groba tomou unha nova decisión que foi crear unha Orquesta filial do Conservatorio e no 1971 constituiuse unha Xunta Rectora que posibilitou a esistencia da actual «Orquesta de La Coruña». Moito se tén andado dende aquel 10 de Febreiro do 1971 no que se deu o primeiro concerto no Teatro Rosalía de Castro; a orquesta conta cunhas seccións profesionais na madeira, metal e percusión, provintes da banda, pro atópase co problema da corda, cuios solistas son aficionados. Asemade, atópase cun grave problema de financiación dada a dependencia legal do Conservatorio, que imposibilita a recepción de subvención pola banda da «Dirección General de la Música», xa que a tesis do Duque de Alba é que somente poden subvencionarse as orquestas dependentes de organismos de tipo público, e o Conservatorio non tén esta característica.

Unha posibilidade de solución sería que a primeira Corporación democrática da Coruña volvera coller a tutela da Orquesta, dándolle un carácter profesional, o que aseguraría a normalización dunha situación grave. Pro particularmente, coido que debera de ser a Xunta de Galicia a que tomara esta tutela e creara a partir da Orquesta do Conservatorio da Coruña, a Orquesta Sinfónica de Galicia. O problema da financiación sería grave, pro non esquezamos que automáticamente habería dereito, segundo a normativa legal, a esixirlle ao goberno central a subvención prá Orquesta. Esto é esencial non somente pola decidida vocación galega amosada pola orquesta e director nos seis anos de vida, senón pola importancia cultural que no desenrolo da vida musical dunha comunidade tén unha Orquesta Sinfónica. Dunha banda, pola promoción de vocacións musicais, e da outra, porque as orquestas sinfónicas son xeneradoras de grupos de cámara que poden facer unha grande laboura ao viaxar polas nosas vilas; a esistencia do Quinteto de Vento da Coruña demostra este segundo punto.

E indiscutible que en Galicia non esisten intérpretes profesionais de corda pra encher os atrís dunha Orquesta Sinfónica. Pro unha das causas delo é que mal podemos esperar vocacións de violinista cando se carece de orquestas onde escoitalos. Si en Galicia temos cantidade de clarinetistas é pola influencia das Bandas de Música, e si ninguén toca a balalaika, é porque este fermoso instrumento non pertence a nosa tradición cultural. Si alguén dubida das miñas verbas, que lle pida ao Conservatorio da Coruña as estadísticas de estudiantes de corda denantes e após a creación da Orquesta. Por eso, é imprescindible a contratación, nos primeiros momentos, de solistas alleos pra os primeiros atrís. A sua presencia na orquesta axudaría aos seus compañeiros a superarse, e a sua laboura docente permitiría a creación dunha escola galega de corda, condición esencial pra pensar nun futuro.

O tempo necesario pra que unha Orquesta Sinfónica profesional chegue a conquerir unha calidade aceptable, é duns vintecinco anos. A maduración do sonido, a preparación dun repertorio, a flesibilidade nos estilos, a compenetración, e a creación dunha tradición, non permiten pensar en menos tempo de espera. Pro, niste cuarto de século, o resultado pode ser a introducción da música como feito normal na vida de toda unha xeneración. Non se pode, pois, ter presa, xa que os resultados positivos son seguros, pro necesitan sedimentar. Nembargantes, compre ter presa pra asegurar que escomence dunha vez a laboura. Coido que os dous problemas musicais máis graves e de mais urxente solución cos que se atopa Marino Dónega son o do Arquivo Musical Xeral de Galicia e o da Orquesta Sinfónica de Galicia. Estas duas medidas chegarían como punto de partida, pra asegurar o desenrolo dunha tradición musical auténticamente nosa. Cuarenta anos de sangue e medo, fixeron donos da vida cultural galega a mediocres que mediante o seu colaboracionismo e a sua corrupción deron implantado o propio criterio a todo un pobo. Aínda non hai moito, nunha xuntanza na Coruña, alguén culpaba ao campesinado que accedeu a cidade nos últimos anos da decadencia cultural da comunidade. E que pra certa xente, a comunidade son eles e os seus amigos, e o pobo é algo que sirve pra pagar trabucos cos que manter a sua esquisitez cultural. Segundo tal concepción, todo o alleo é millor que o noso e así terá que seguir a ser. Por eso non val a pena tentar crear unha Orquesta Sinfónica que de principio sonaría probemente, é millor gastar os cartos en traguer orquestas alleas que xa adequiriron a maduración, pois o importante é babexar diante da perfección interpretativa dos invitados; o pobo que traballe pra os manter e posibilitar que os seus fillos podan facer o mesmo. Si o pobo quere música, pois se lle dean charangas, manoloescobares ou travoltas segundo edades ou preferencias. Pro Bach, Beethoven ou Schoënberg compre separalos da xente xa que a sua música e auténtica e ao millor escoitándoos escomenzan a sentirse persoas e logo veñen as protestas.

O pesimismo é antirevolucionario, pro non é doado ser optimista na terra dos caciques. A Orquesta da Coruña danos unha lección ao conquerir o que conqueriu a pesares da penuria de medios. Coido que é responsabilidade de todo un pobo evitar que morra de esgotamento e presionar pra que esta orquesta seña a de todo un pobo e poida seguir dando a nosa música e a de toda unha tradición europea.

XOHAN M. CARREIRA

extra Ajoblanco

prensa marginal

ALUCINACION COLECTIVA: *A prensa marxinal, producto dunha frustración.*
SOÑOS ENCONTRA DO SISTEMA.
REQUIEM POLA PRENSA CONVENCIONAL.
¿POR QUE EN MADRID?
DEVANCEIROS: *Do Underground americano ao Rollo barcelonés.*
A PRE-MA-MA NA SUA INTIMIDADE.
RESUME DE «TODAS» AS REVISTAS: *1975-1978.*

PAISES CATALANS

ATENTADO NO «CENTRO GALEGO»

■ EMILIO VEIGA

Temos que encetar a crónica de hoxe cunha mala noticia prá sempre aldraxada cultura da nosa nación. Falo naturalmente da queima dos cáseque cinco mil exemplares de obras galegas que contiña a Biblioteca do Centro Galego de Barcelona, que quedaron reducidas a cinza na noite do dous de santos. Esta estaba considerada polos espertos como a biblioteca galega máis completa de todas as esistentes fora de Galicia.

Seña quen fora o incendiario culturicida, merece un apelativo de criminal e así calificou o feito a grande maioría dos medios de comunicación acó en Catalunya.

¿A quén lle pode interesar a queima de libros, manuscritos e revistas en moitos casos exemplares únicos? A resposta xenérica é lóxica: aos que non lle queren ben nin ao pobo galego nin á sua cultura. Non embargantes hai respostas máis concretas.

OS «ULTRAS» DE DENTRO

Duas son, polo de agora, as teorías máis correntes, e as duas teñen o mesmo protagonista: a estrema-dereita.

Na primeira interpretación, os autores serían da estrema-dereita, que atenta deste xeito contra das Autonomías, na mesma línea que o atentado ao Círculo Catalán de Madrid hai algúns meses, na procura de opoñerse ás anomeadas oficialmente «nacionalidades históricas».

A segunda das teorías responsabiliza tamén dos feitos aos «ultras», pero desta volta aos de dentro do Centro Galego de Barcelona, que ao parecer están perdendo o control do mesmo.

O certo é que nin unha nin a outra hipótesis están confirmadas aínda, e a única realidade lisa é que Galicia e a sua cultura son as perdedoras.

LISTO O ESTATUT

Luns 6 de santos presentouse o proiecto de Estatut que elaborou a «comisión dos vinte». Dise por acó que é un Estatut máis amplo que o do 1932 e si máis non, o que hai que decir é que o Estatut de Catalunya, aparte de recoller todas as competencias que o artículo 148 da Constitución española lles concede ás consideradas «comunidades autónomas», recolle tamén todas as que non están nomeadas no 149 como competencias esclusivas do Estado. Así pois, o Estatut contempla como competencias propias da Generalitat as referidas a industrias, Caixas de Aforros, gandeiría, etc.

O calendario proposto vai cara a que o Estatut poida saír a referéndum a primeiros de marzal e si sal aprobado, que sairá, Tarradellas tén os días contados, xa que a disposición transitoria número 7, a última do Estatut, di: «elexido o Presidente da Generalitat, quedan disoltos automáticamente ós órganos da Generalitat provisoria e cesan os seus titulares». Xa que logo, de non prosperar o voto particular de López Rodó no senso de pedir o cargo de diputado vitalicio pra Tarradellas, éste pasará a engordar a lista de «pais da Patria» pero quedará alonxado, alo menos por un tempo, do poder executivo da Generalitat.

Compre reseñar que na elaboración deste Estatut, por primeira vez se une amplamente a esquerda tradicional pra impoñer unhas posturas como son as eleccións ao Parlament de Catalunya, nas que había certas diverxencias entre socialistas e Convergéncia Democrática de Catalunya, saíndo adiante derradeiramente à proposta do PSUC, —comunistas—, pola que se consideran catro circunscripcións electorais e un diputado por cada 40.000 habitantes, seguindo a lei de Hont, sin dar ningún tipo de primas ás comarcas, proposición que facía Convergéncia Democrática e que beneficiaba claramente á dereita, mesmo sacando a mesma proporción de votos que no 15 de xunio.

Barrera
LIBRERIA MEDICA
VIGO
A CORUÑA
SANTIAGO

EUSKADI

Ofensiva das duas ramas de ETA

■ OARSO

A escalada militar das duas ramas de ETA (militares e político-militares), coincidindo co inicio da campaña constitucional, así como a visita de Martín Villa e Gutiérrez Mellado a Euskadi pra manter contactos cos xefes das FOP e do Exército, foron noticia na semá deste país.

A actividade das duas ramas de ETA, dentro da sua ofensiva, tivo un carácter cualitativamente distinto. ETA militar, dentro da sua campaña de execución de policías e chivatos atentou contra de tres presuntos confidentes, contra dun constructor que se negara a pagar o imposto revolucionario e que con posterioridade denunciara á policía francesa a un dirixente etarra e, finalmente, domingo, a un grupo de Guardias Civís, un dos cales resultou morto.

O ATRACO MAIS ESPECTACULAR

Pola sua banda, ETA político-militar levou adiante o atraco máis espectacular da historia da organización vasca, conseguindo máis de 30 millóns da «General Eléctrica» en Bizkaia.

Nun comunicado, a organización político-militar reivindicaba asimesmo outros atracos realizados dende hai un ano e medio, e xustificaba a sua acción dentro dunha campaña de rearme que encetou hai meses, xa que esta organización quedara moi enfeblecida a partir da escisión dos comandos especiais en xunio de 1977. Tamén, e a carón desta acción espectacular, os poli-milis realizaron accións de propaganda armada como, por exemplo, a ocupación dunha emisora de radio pra ler un comunicado e a ocupación de dous cines, en Donosti, pra difundir asimesmo un manifesto contra da Constitución.

Martín Villa, Rodolfo

Hoxe, luns, realizouse en Gipuzkoa outro atraco que sube a máis de 20 millóns, pero aínda non foi reivindicado.

OUTRO PLAN CONTRA DO TERRORISMO

A visita de Martín Villa e de Gutiérrez Mellado encádrase, precisamente, dentro desta ofensiva das duas ramas de ETA e da preparación da campaña do referéndum constitucional. Tanto nos acuartelamentos das FOP como do Exército, era apreciable unha forte tensión, derivada, sobre de todo, das derradeiras accións de ETA durante este mes e frente á campaña anticonstitucional que se prevé manterá a ofensiva.

Nos cuarteles de Loyola, en San Sebastián, os oficiais do Exército pedíanlle a Gutiérrez Mellado man dura. Por outra banda, Martín Villa mantivo tanto en Gipuzkoa como en Bizkaia reunións cos mandos das FOP pra levar á practica un plan de 15 puntos destinado a erradicar, unha vez máis, ao terrorismo. Este plan non se fixo oficialmente público, pro nembargantes sábese que os seus puntos fortes son, xustamente, accións policiais.

SERART, S.L.
SERIGRAFIA
FOTOMECANICA
Gerona, 2
☎ 29 67 62 - 23 48 80
VIGO

xcx gráfica, s.l.
SUMINISTROS PRA INDUSTRIA GRAFICA
☆ Planchas presensibilizadas, positivas e negativas.
☆ Tintas imprentación Offset e Flexografía.
☆ Equipos e productos pra foto-mecánica.
☆ Equipos e productos pra Serigrafía.
☆ Productos e equipos ausiliares.
PORTELA 5 A
Tells.: 270266
277104
VIGO

O MUNDO

Bumedian, artífice de Arxel

■ J. J. NAVARRO e LLATZER MOIX

Dende o 23 de setembro pasado, o paradeiro do presidente do Consello da Revolución arxelino, Honari Bumedian, é unha incógnita total, ao redor da que se lanzaron as máis diversas hipótesis: Dende que o lider arxelino morreu asesinado a que se atopa en Rusia sometido a un tratado médico contra dun cáncer incurable. Por suposto, a postura oficial arxelina é desmentir categóricamente tales rumores. Xoves pasado, o Ministro de Asuntos Esteriores, Abdelaziz Buteflika, desmintiu en Bagdad calquer anomalía relacionada con Bumedian, e dixo que o presidente estaba «descansando» na Unión Soviética.

E así é, si hai que creer a Buteflika e aos rusos, que distribuiron ao mundo unha información gráfica na que se vía a Bumedian dialogando con Brejnev e diversas fotos nas que o líder arxelino aparecía con dirixentes soviéticos sobranceiros.

Nembargantes, hai varios argumentos que fan dubidar desa versión oficial. Como sinalaba o diario inglés «The Guardian», os observadores compararon as imaxes de Brejnev e Bumedian nesa afirmación, e ambolosdous aparecen máis novos que noutras deste mesmo ano, polo que se deduce que poidera tratarse dunha película feita durante calqueira das visitas a Moscú do líder arxelino.

Por outra banda, Bumedian non aparece pra nada nas imaxes deste fin de semá correspondente ás celebracións moscovitas do 61 aniversario da Revolución Soviética, mentras que sí están presentes, por exemplo, os másimos dirixentes vietnamitas, na actualidade de visita na URSS.

Un dato máis que fai abondar na creencia de que algo lle está a pasar ao líder arxelino, é o grande desplegue policial e militar observado dende hai semás en toda Arxelia e sobre do que as autoridades non deron calquer esplicación.

Por si non abondara a semá derradeira recibiuse no «Diario de Las Palamas», de Gran Canaria, unha chamada dun supósto «Servicio de Intelixencia Canario» ao traveso da que se reivindicaba un atentado contra de Bumedian (no que éste tería recibido dous balazos na nuca) como represalia pola detención e condena a morte en Arxel de dous ultradereitistas canarios que atentaron contra da vida de Antonio Cubillo o pasado mes de abril.

A DIPLOMACIA ARXELINA

Diante destes feitos, imponse considerar o significado dunha posible desaparición de Honari Bumedian no actual contesto norteafricano e mundial.

Dende que derrocou ao seu antecesor Ben Bella no 1963, Bumedian conseguiu darlle solidez interior e credibilidade esterna á política arxelina; a diplomacia de Arxel foise convertindo nunha das máis sutiles e eficaces do mundo, e a sua acción en organismos internacionais foi cáseque sempre en defensa de intereses progresistas e terceiromundistas. Por outra banda, ese apoio diplomático traduciuse normalmente en feitos de axuda económica e entrenamento militar que recibiron e reciben en chan arxelino prácticamente todos os movementos de liberación do mundo.

Nun punto tan espiñento, inclusive, como é o da dependencia das grandes potencias, Arxelia —con estreitos vencellos coa URSS— soupo manter certa capacidade de maniobra diante dos intereses de Moscú; asimesmo, a posición arxelina é unha das máis sólidamente contrarias a un acordo no Oriente Medio que non teña en conta os Intereses palestinos e non signifique a recuperación de todos os territorios ocupados por Israel aos países árabes.

APOIO A CANARIAS

En cuestións que afectan ao Estado español, Arxelia mantivo nos derradeiros tempos unha postura que foi causa de grande preocupación pra o Goberno. Dende o «Pacto de Madrid» de Santos do 1975, polo que un sector da oligarquía lle «vendeu» o Sahara occidental a Hassan II de Marrocos, Arxelia apoiou con considerable determinación ao Frente Polisario e mantivo unha aberta hostilidade contra dos Gobernos españoles.

Esta hostilidade traduciuse tamén no pasado apoio que recibiu o movemento independentista canario de Antonio Cubillo e na ofensiva diplomática arxelina diante da OUA (organización prá Unidade Africana) de cara a que se reconocera a africanidade das illas canarias.

Non é aventurado supoñer que Honari Bumedian e o seu Goberno foron os artífices de toda esta política, e o interrogante que plantexa a posible desaparición do presidente arxelino é o de si o seu sucesor ou sucesores realizarán un violento cambeo de línea, situándose en posicións máis á esquerda, feito que supoñería un aumento da tensión no Oriente Medio e unha maior probabilidade de guerra entre Arxelia e Marrocos polo Sahara; ou ben si se imporá en Arxelia un goberno de carácter prooccidental que retorne á área de influencia dos Estados Unidos e de Europa, como aconteceu con Exipto dende a chegada ao poder de Anuar el Sadat.

ENFRENTAMENTO ENTRE AS DICTADURAS CHILENA E ARXENTINA

X. A. GACIÑO

O conflicto entre Arxentina e Chile, a propósito das illas da canle de Beagle, parece poñer unha nota cáseque pintoresca na dramática situación dos respectivos pobos deses dous países do cono sul americano, sometidos a senllas dictaduras militares, ao tempo que os dous pobos sofren a falla de libertade e a opresión social, os seus respectivos exércitos tentan sensibilizar ás suas opinións públicas con reivindicacións territoriais que están moi lonxe do sentir popular, e coas que os militares proban a distraer as inquedanzas populares por problemas moito máis importantes.

Ao mesmo tempo, a disputa polo reparto do archipiélago da Tierra del Fuego —que non é novo na historia das relacións entre Arxentina e Chile— tén tamén unha motivación económica, polos recursos minerais e petroliferos do arquipielago, así como polo control do tráfico marítimo entre o Pacífico e o Atlántico, que pode verse revalorizado polos achádegos recéns de novos xacementos de hidrocarburos nas relativamente prósimas illas Malvinas, aínda baixo da sobernaría de Gran Bretaña, potencia que tén certa responsabilidade histórica na evolución dos acontecementos nesa zona de América, xa dende o momento da independencia.

Arxentina e Chile xa teñen suscritos diversos tratados e protocolos ao respecto da delimitación das suas fronteiras en tan intrincado territorio, nos derradeiros anos do século pasado e nos primeiros deste. Como consecuencia delo, Arxentina tén a soberanía sobor da parte oriental da illa da Tierra del Fuego —a máis importante e que lle dá o nome a todo o arquipiélago— e sobor dalgunhas pequenas illas orientais. A canle Beagle, situada ao sul da illa de Tierra del Fuego, tén, na sua entrada oriental, tres illas —Picton, Lennox e Nueva— que son o obxeto directo do litixio. Duas desas illas están actualmente baixo da soberanía chilena, e Arxentina considera que deben pasar a ela, baseándose no criterio —establecido nalqún dos vellos tratados entre as duas nacións— de que o Pacífico correspóndelle a Chile e o Atlántico a Arxentina. Os militares arxentinos entenden que a divisoria entre os dous oceanos é o meridiano do Cabo de Hornos, co que as tres illas citadas quedarían no Atlántico e, xa que logo, baixo da soberanía arxentina. O ano pasado, de común acordo, sometéronse ao arbitraxe de Gran Bretaña, que decidiu en favor da tesis chilena. A vista do fallo británico, os militares arxentinos decidiron que era mellor rexeitar calquera tipo de arbitraxe de terceiros e resolver o asunto directamente entre as duas partes.

O tema, ademais, serviu prá loita interna que se desenrolou, ao longo deste ano, no seo da Xunta Militar arxentina, entre o xeneral Videla e o almirante Maseira, partidario este último de recurrir directamente ao conflicto armado pra «rescatar» as illas Picton e Lennox, coa secreta espranza de que a victoria da Marina arxentina lle dera gloria abondo pra desplazar a Videla da presidencia da República.

Así as cousas, no mes de outono volveronse sentar na mesa das negociacións os representantes das duas dictaduras, sin que as conversas serviran máis ca pra que cada parte reafirmara as suas posicións. Nestes momentos, aínda está aberta a posibilidade de que o conflicto derive nun enfrentamento bélico. As repercusións que unha guerra —no caso en que chegue a producirse— pode ter nas respectivas situacións internas dos dous países son difíciles de prever, aínda que non é arriscado pensar que poderían deteriorarse as posicións dos respectivos gobernos militares, ou, polo menos, as do goberno que resultara derrotado. Tampouco é fácil saber si esa saida bélica lle interesaría a Washington supremo controlador do continente americano. En xeral,, a oposición democrática chilena defende o actual reparto da soberanía na zona do Beagle, aínda que lle reprocha á Xunta Militar de Pinochet o seu desprestixio internacional, que lle impide contar co apoio necesario. Pola outra banda, os Montoneros, por exemplo, manifestaron que a solución definitiva non pode vir máis que do diálogo entre dous gobernos verdadeiramente representativos dos respectivos pobos.

O portazo a Vigo do señor Porta

Xa ven dalgúns anos a promesa feita polos homes que dirixen e mandan na federación do fútbol español, de terlle a Vigo a consideración dun partido internacional non amistoso, ou seña, de campeonato, onde estivese en xogo algo máis serio ca un resultado intrascendente.

Pois ben, agora decatámonos de que o partido que a selección do estado español tén que xogar coa de Rumanía, vaise facer no campo onde xoga o Valencia, ou seña, no campo de Mestalla, a carón do Turia e a moitos Kms. polo tanto da ría de Vigo e de Galicia enteira.

A solpresa dos vigueses, coma a de cáseque todos os galegos aficionados a este deporte, non foi tan grande coma a que pillou aos directivos, concellais, caciquiños todos que deron e recibiron palabras de honra, medallas, promesas de fiar pra unha Galicia e unha cidade que, asegún os de fora, era merecente dun partido desta caste. E decimos que a afición de Vigo e de Galicia non se fiaba xa moito, pois tampouco é tan parva como pra dar por certo o que por eiquí non valeu sempre de escarmento, ou seña, rirse de nós, aturar o que nos boten, nunha palabra: pasmonear. Pro, velahí que non todos os días sal o sol do mesmo xeito, e ese binomio mantido que se chama Porta-Kubala topou na tarde do día vintedóus o seu premio en milleiros de voces que berraban dende o estadio de Balaídos «sinvergonzas, sinvergonzas...» e movían os panos de se sonar coma protesta popular dunha afición en Vigo, que é tamén galega; pois non se esteña o cavilar que, se fose na Coruña, os mandamáis dalí non consentirían esto ou aqueloutro, non, esta noxenta carallada, esta farsa fíxose, como se fan tantas e tantas cousas, con toda Galicia, hoxe cos aficionados ao fútbol, onte e mañá con calquer outros.

E agora, que eses señores, vivindo na nosa Terra, se vaian decatando pra outra de que dar paliques, mantenzas e medallas sempre trai o amarquexo co que, tamén se cadra, se artellaron.

Porta. En Balaídos chamáronlle «sinvergonza».

Pola nosa banda, temos que decirlle ao tal señor Porta que as suas xustificacións nesta derradeira hora deixan ben ao descuberto ese caletre demagóxico e caciquil ao que tan afeitos nos teñen por estas terras. ¿Por qué non se lle ocurríu antes de dar por feito a celebración en Vigo deste partido contra dos rumanos, perguntar como fixo, ou dí que fixo, agora cos técnicos da federación do estado español, enténdase Kubala? Ao mellor a sua mente non reparou neso diante dos parabéns ou do marisco que daquela o engatusaban.

Pra rematar, compre deixar dito eiquí as mostras de solidaridade de todos os xogadores do Valencia F. C., aplausando e sacando os reservas tamén o seu pano blanco xuntamente cos aficionados que o día vintedous cáseque enchían o campo de Balaídos. Sábese ben pois que as xentes do fútbol non van todas no mesmo carro, e polo tanto, debémolos medir asegún as suas obras.

PINTOR

O CASTRO E SARGADELOS SON CENTROS QUE MANUFACTURAN CERAMICA CON TERRAS GALEGAS E CON IDEAS DO NOSO TEMPO. MAIS TAMEN COLABORANDO CO LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS IMPULSAN E ESPALLAN POLO MUNDO O ARTE E O COÑECEMENTO DE GALICIA AO TRAVESO DO MUSEO CARLOS MASIDE E EDICIOS DO CASTRO

ELABORACION DO VIÑO CON METODOS AUTOMATICOS

ESTHER ROMERO CASAL

Hoxendía, a elaboración dc viño, con fins comerciais, normalmente xa non se fai propietario por propietario, senón que adoitanse xuntar formando unha cooperativa. Unha vez decidida a data de comenzo da vendima, realízase ésta e o acarrexo hastra o lugar da elaboración. Asegún van chegando os remolques coas uvas, pésanos nunha **bascula** posta á entrada do galpón; tamén na entrada está a **tolva de recepción** da vendima (chámolle vendima á uva co raspón) que é un depósito de cemento coas paredes inclinadas cara a parte de atrás, por onde vai un tornillo sin fin que leva a vendima á **estruxadora.**

As estruxadoras poden ser de dous tipos: De rodillos acanalados, pra elaboración do branco, e centrífuga que quita os raspóns, prá elaboración do tinto.

Deiquí, a vendima sae impulsada por unhas **bombas de pistón** cara a bodega, onde chega por unhas **tuberías.** A partir deiquí, o camiño que vai seguir será distinto asegún se queira elaborar viño branco ou tinto.

A uva destinada pra o **branco** faise pasar por un **escurridor mecánico,** que é un cilindro inclinado con outro tornillo sin fin que impulsa a pasta cara a saída superior. Ista masa, así xa medio escurrida, vai pasando por varias **prensas** que acaban de sacarlle o resto do mosto.

O mosto que sae do escurridor adoita se elaborar separado do que sae das prensas, xa que por ter menos contacto cos raspóns e o pelexo das uvas, é de millor calidade, e por tanto, o viño que resulte dil tamén será millor.

Das prensas, o mosto vai aos **depósitos de fermentación;** ista, ao principio, é tumultuosa, e logo vaise facendo máis lenta pouco e pouco. A duración depende das condicións de maduración en que se recolleu a uva.

Prá elaboración do **tinto** pódense seguir dous métodos: o Tradicional, e o de Autoviñificadoras.

No **Tradicional,** a uva, despois de estruxada, ao chegar á bodega faise pasar por unha máquina que leva unhas aspas; éstas arrincan os raspóns e logo xa vai aos depósitos de fermentación. Mentras discurre ésta, fánse dous ou tres mecidos ao día, ben por Remontado ou co Aerobazuqueador.

O **Remontado** consiste en

sacar líquido pola parte de baixo do depósito cunha bomba, e botalo logo por riba sobre do sombreiro de oruxos.

O **Aerobazuqueador** é un compresor que remexe toda a masa.

As **Autovinificadoras** son uns depósitos con maquinaria adosada a eles que fai automáticamente o bazuqueo e o remontado. Na parte de riba, leva uns **Rastrillos** que arrastran o oruxo cara unha **tubería** comunicada cunha **bomba** que o inxecta pola parte de baixo do depósito, facendo así que ao subir atravesen todo o líquido e se poñan en contacto con il. Levan ademais, outras tuberías que fan o remontado automático.

Iste segundo sistema aforra man de obra e acelera o proceso, xa que o mosto nistes depósitos está normalmente de 12 a 14 horas, mentras que no tradicional, como mínimo necesita 7 ou 15 días.

Distes depósitos, o mosto vai a outros de cemento pra sofrir a fermentación en contacto coa pel da uva que lle dará coor ao viño, si é que a pulpa non era coloreada.

Unha vez rematada a fermentación, tanto no caso do branco coma no do tinto, énchense outravolta os depósitos e déixase repousar o viño 2 ou 3 meses deica chegar a friaxe do inverno.

Máis ou menos rematando o mes de Santos, faise o primeiro **trasego,** pasando o viño a depóstios limpos pra separalo dos turbios decantados pola clarificación natural. O segundo vense facendo por febreiro ou marzal.

Agora xa temos o viño feito, pero antes de embotellalo fánselle **Clarificacións** pra estabilizalo. Como clarificantes úsanse as bentonitas, xelatinas e proteínas.

Como vemos, a derradeira operación que se lle fai ao viño é o **Embotellado.** que comenza a facerse en abril ou maio. Pódese facer a man ou mecánicamente, cun **tren de embotellado** que consta dunha **lavadora de botellas, bomba de enchido por valeiro, Taponadora, capsuladora, Fixadora** e **Etiquetadora.**

Unha vez preparadas as botellas, van pasando por unha **cinta transportadora,** da que se van sacando pra colocalas nas **Xaulas metálicas** ou nas **caixas de cartón** e mandalas aos lugares de venta e espedición.

da terra asoballada

Amiga Margarida:

En verdade, Margarida Ledo, que iso de «A Nosa Terra» no Xuzgado é, foi unha verdadeira mesquindade.

En verdade que noxóume, cabreóume. Pois un sofre, é trabado, as moitas veces, cuentamentos alporizantes. A pesares da miña pilosofía sexaneraria: «Tudo está-anda inmaturo».

Ruín sorte: Tocóunos andar a morder mazás verdes, ácidos verdes, laranxas, limós verdes-inmaturos.

Agardemos, traballando, a que o Sol, o tempo, e tudo iso, vaia madurecendo a laranxa verde do Mundo, da Terra. Nosa ou allea. Ademitámoslo.

Unha aperta breogánica.

AMARO ORZAN
Ferrolterra).
5-11-78.

Post Data. — Acompaño un desfoque métrico-pilosofante.

AS CC. LL. E A CONSTITUCION ESPAÑOLA

A Permanente de CC.LL.-S.L.G., na sua derradeira xunta, tendo en conta que un dos medios pra levar adiante a nosa alternativa entre os labregos e demais clases populares galegas é a participación na vida política, como por exemplo participar activamente nas eleciós xeneráis e municipáis, non podemos, como Sindicato, permanecer o marxen no proceso constitucional, polo que temos que amosar a nosa disconformidade a nivel político electoral, si temos en conta que:

A Constitución española siñifica a continuidade do sistema político i económico unitario, colonialista e favorecedor dos monopolios. Esto quere decir que o noso pobo vai carecer de toda soberanía pra gobernarse a sí mesmo, ou seña, non vai ter posibilidade de gobernarse conforme os seus intereses, según queda claro no artículo 1 da Constitución que di «la soberanía nacional residen en el pueblo español». O non poder Gobernarnos levará consiquo o que non poidamos defender os nosos intereses, e dese xeito, por poñer un caso, vannos meter no Mercado Común o que sinñificará, entre outras muitas cousas, unha gran baixa nos precios dos nosos productos fundamentales como son o leite, a carne, etc., e a ruina total de muitos de nós, pois non podemos esquecer que o Mercado Común é un instrumento nas maus dos Monopolios Europeos.

O non podernos gobernar supón que tampouco podemos lexislar con arreglo as nosas características e necesidades, e desta maneira os impostos e as prestaciós sociás, como é o caso da Seguridade Social Agraria, seguirán sendo verdadeiros abusos como a Cuota Empresarial. Tampouco poderemos facer unha estructuración administrativa axeitada coa realidade do noso país, e teremos que seguir dependendo dos organismos creados polo Estado Español tales como Provincia e Municipio

Por outra banda e pra tratar de engañarnos, o Estado Español ofrece as denominadas autonomías pra dese xeito perpetuar a sua política espoliadora. A Autonomía non contempla a posibilidade de facer unha Reforma Agraria Galega, nin que poidamos decidir sobre as nosas fontes de riqueza, ou a onde van a parar os nosos aforros ou os dos nosos emigrantes ó non ter ningunha capacidade de decisión sobre as Caixas de aforro, Bancos, etc., tal é como queda claro no artículo 141. Coa Autonomía non teremos posibilidades de planificar unha industrialización axeitada de Galicia co que os nosos recursos seguirán producindo riqueza lonxe da nosa terra e nós termos que seguir emigrando.

Xa que logo, continuaremos producindo enerxía pra que seña consumida fora de Galicia, seguirán sendo roubados os nosos montes, as nosas riquezas mineráis e agropecuarias (seguiremos a producir leite, carne, etc., pra que enchen os petos as empresas monopolistas de comercialización). A nosa pesca de baixura seguirá esmorecendo e a de altura veráse arruinada polas grandes compañías monopolistas mundiales.

A Autonomía non vai resolver ningún dos nosos problemas pois as competencias que se reserva o Estado son abafantes tal e como demostra o artículo 143.

Nin a mediciña nin a escola serán socializadas, estatalizadas, e polo tanto non van ser igoales pra todo o mundo, toda vez que o ensino privado vai ser subvencionado cos nosos cartos. Do mesmo xeito a lingoa e cultura galegas non poderán ser normalizadas e recibirán o trato de meros pendellos cos que nos poderemos adornar de cando en vez. Os Dereitos democráticos do individuo, aparte de ser ruis, poderán ser violados a gusto e capricho de Goberno, do Parlamento ou dos corpos represivos cando lles pete.

Diante dunha constitución que intenta lexitimar «democráticamente» a situación do noso Pobo como colonizado, esplotado e subordinado ós intereses do Capital Monopolista e do Imperialismo, non colle outra postura que a loita activa encontra, oponéndonos e votando NON no referendum constitucional. Esta é a única postura de oposición real, dentro do contesto político da nosa Nación e da situación do Estado Español, polos seguintes motivos:

1º) CC.LL.-S.L.G. tén a obriga de concienciar e organizar dun xeito activo os labregos, polo que diante dun testo constitucional que vai condicionar a nosa vida económica, cultural e política, facer que a xente se organice e se dispoña a votar NON é un xeito real de loitar pola Reforma Agraria Galega, polas nosas alternativas, pola consolidación e fortalecemento do Sindicato e de todo o MN-PG.

2º) Incluso a hora de ver a utilidade que pode ter o votar nunha constitución que vai sair aprobada podemos pensar que o noso NON vai ter pouca importancia polo que poderíamos quedarnos na casa tranquilamente. Mais non é así, temos que ter en conta que os NONS en Galicia van ter unha gran importancia. O ir votar NON en Galicia representa loitar, o NON representa a nosa unidade, a das clases populares galegas, pois a dereita caciquil vai votar Sí, e os NON da dereita ultrafascista van ser moi poucos. O quedarse na casa sin ir a votar NON siñifica agacharse baixo unha actitude infantil e a renuncia a loita pola nosa liberación como clase e como Pobo.

O Goberno e o Estado Colonialista tomará boa conta do número de NONS galegos pois sabe que perteñecen a un movimiento social e político organizado.

CONTRA A CONSTITUCION ESPAÑOLA E COLONIAL, UN NON GALEGO E POPULAR.

Santiago, 26 de Outono do 78.

PERMANENTE DO SECRETARIADO NACIONAL DAS CC.LL.

A ARTE E OS XEITOS

FELIPE SENEN

O SANTO CRISTO DE OURENSE

Necesariamente hai que escomenzar con aquela cantinela que dí:

«Tres cousas hai en Ourense
que nonas hai en España:
O Santo Cristo, a Ponte
e a Burga fervendo auga.»

Estribillo iste ben conocido, cecais máis escoitado que visto é o Santo Cristo na sua capela da Catedral ourensá. Hai que chegarse deica alí pra enxergar a cantinela e poñerse a cavilar nas lendas: Aquela que se conta de que lle medran as quedellas e que de cando en vez hastra vén un peluqueiro pra cortarllas, ou aquela outra, máis probable, que nos dí que a imaxe gótica do Santo Cristo apareceu aboiando nas augas do Mar da Morte en Fisterra e que o bispo Vasco Pérez Mariño foi quen a mandou vir pra Ourense. Disque tamén era un dos Cristos feitos por Nodemus, como o de Candás en Asturias, que tamén apareceu no mar. O que se trouxera dende Fisterra é algo que ao longo dos seculos aínda se garda nas xentes finisterrás, que non ven con bós ollos aos paraqüeiros, pois ao seu Santo Cristo das barbas douradas faille a competencia o vello Cristo finisterrán que está en Ourense.

O corpo do Cristo de Ourense non é un corpo calquera, está feito de telás pintadas, artelladas na madeira que mesmamente somella o pelexo dunha momia. As pingas roxas do sangue e os longos cabelos que lle cobren a cara labrada dan un aquelo de recollemento nos romeiros e nas beatas.

Os brazos e os pés están recheos dun material mol, envolto en tiras de tela; pola chaga do peito bota un anaco de soga, á que a tradición aponlle ser unha reliquia do vencello co que ataron a Cristo. Así, e imaxe adquire tamén o valor de ser relicario, coma moitas outras que se fixeron nos séculos XIV e XV.

Dende os cadrís cóbrese cunha longa saia deica os xionllos, mourada e bordada con fío de ouro. As máis cativas miudezas están caviladas pra solprender e axudar a recollerse ao pelengrín. Así, a imaxe deica aínda non hai

moito, cubríase cunha cortina que prendía do baldaquino. O camarín foi obra do gran mestre do barroco compostelán Domingo de Andrade, autor tamén da Torre do reló de Santiago. Grandes artistas amosan as suas obras nista pagoda da arte galega: O escultor Castro Canseco, o escultor ourensán Francisco de Moure co seu San Mauro, escultura baril do santo fradé intelectual e filósofo, afundido na sua pucha, sobrio e respetuoso.

Celma fai as reixas, e non falta a man de Gregorio Fernández nunha Virxe das Angustias traballada con moito tento.

Polos Maios, no día da Santa Cruz, chegaban os romeiros de toda Galicia en ofrenda; uns xiraban de xionllos, outros murmuraban as oracións todo o día.

O Santo Cristo de Ourense sempre tivo devotos; polos anos 60 alí acobillábanse os galeguistas os domingos na misa de dez... No camerín alcandíanse as luces, a imaxe perdía un aquelo de misterio, a Coral de Ruada entonaba as cancións e o crego Araúxo, que sería bispo, escomenzaba a misar.

andando a terra

M. HORTAS VILANOVA

POR GOIAN DO MIÑO

Non me dou esplicado como é que aínda non se escribiu unha biografía do río Miño. Hai moitos anos o escritor Alvaro das Casas percorrau o Miño dende a desembocadura deica o nacemento, co fin de escribir un libro. Ese libro, de que teñamos noticia, nunca se chegou a pubricar. Non sabemos si tan siquer se chegou a escribir. Coñocemos algún artigo encol do tema. E tamén algún poema. Resulta solprendente que ningún poeta galego teña escrito o gran poema ó río Miño. O poema que o Miño está agardando. Entre os meus papés anda un intento feito hai moitos anos. Sin dúbida de ningunha clás o poeta galego mellor dotado pra que escribira o gran poema do que o Miño é merecente foi don Ramón Cabanillas. Agora non hai que lle facer. Soio cabe a ilusioda agarda deica que apareza o poeta capaz de coroar tal empresa.

Un dos anacos máis fermosos do Miño galaico-portugués é o que se pode contemprar frente a Goián, entre Tui e o Monte de Santa Tegra, dous lugares sagros, cheos de hestoria e de beleza. Coñozo outros lugares que se chaman Goián. Un deles en Ferreira de Pantón. E outro en Sarria, onde celebran unha famosa romaxe do Santo Cristo á que van moitos ofrecidos, entre os que se conta, e non é por chufarse, éste que escribe.

Gustaríame que este Goián ó que me refiro, situado entre Santa Tegra e Tui, se chamara GOIAN DO MIÑO. Coido que este é o único nome que lle acai. Goián é terra de pintores. Eiquí naceu Antonio Fernández, de cuia obra hai unha boa mostra no Museo de Lugo e que é un dos grandes pintores nosos, bastante descoñocido polo sinxelo feito de ser galego. De Goián é tamén Xavier Pousa, o pintor propietario dunhas longas e mestas barbas, que foi alumno de Antonio Fernández e que, pró meu gusto e no que eu entendo, é un dos nosos mellores paisaxistas actuales, senón o mellor, dono dunha sensibilidade e dun «oficio» de pintor verdadeiramente impresionante. En Goián vive e traballa o escultor Xohán Piñeiro tamén ben coñocido.

Goián tén unha paisaxe variada e fermosa. Xunto a vide destaca o verde dos lameiros que é distinto do verde metálico dos milleirales. Defrente e da outra veira do Miño, está o povo portugués de Vilanova de Cerveira. Na eirexa parroquial de Vilanova de Cerveira hai un San Cristobo enorme, casi monstruoso do grande que é, cun neno no lombo que é unha miniatura. O contraste entre San Cristobo e o neno resulta moi pavero e divertido.

Por Goián o Miño é moi ancho. Pasa calado e solemne, adiviñando a presencia do mar. Na mitade do Miño hai duas illas deshabitadas. Unha delas chámase a illas dos Amores. Sempre me chamou a atención este nome. Ninguén me deu unha espricación deste nome tan ven posto. Deste nome que fai á cousa como decían os clásicos que, ás veces, sabían moi ben o que decían e como o decían. A illa dos Amores, coberta de vexetación, é un lugar soitario e romántico. Semella unha nube de verdura pousada no medio do río. Algo tan fermoso que xa semella irreal.

Entre as xentes de Goián lembro a Tina, nai de Pousa e a Pablo o irmau do pintor que viviu unha tempada en Sarria, onde non se afacía moi ben. A Carmiña Viana, a Antonio... Unha longa lista que sería interminable. Entre os persoaxes populares quedou moi grabada en min a figura e a palabra, abundante, frolida e xenerosa do «Cantamañás».

O «Cantamañás», cuio nome inscrito no Rexistro Civil non vén ó caso nin conta namáis que nos papés, tén taberna aberta ó púbrico en Goián. O «Cantamañás» é un home agudo, simpático e maxinativo. Cóntanse moitas e moi variadas aventuras deste persoaxe. As máis interesantes son as que él mesmo conta a todo aquel que llas desexe escoitar. E de porparte aínda moi agradecido. Así relata que, nunha ocasión, que iba en bicicleta por unha costa arriba bastante empinada, era tal a forza do vento que lle pegaba no lombo, que tiña que ir sin pedalear e frenando na bicicleta pra que non se despenara.

O viño de Goián do Miño é moi sabedor. Moito. Moito. Tanto o blanco como o tinto. Ten un sabor acedo delicioso e inesquencible. E máis si se cata devagariño, cando ún tén verdadeira sede, na taberna do «Cantamañás» e na compaña dos amigos Xavier e Pablo Pousa e Xohán Piñeiro.

o idioma

MARIA PILAR GARCIA NEGRO

ALGO SOBRE PREPOSICIONS (eII)

A semá pasada falábamos do uso incorrecto dalgunhas preposicións ou locucións, o sentido das cales altérase, e que en moitas ocasións aparecen como recursos de reiterada utilización, que consagran o erro repetido unha e outra vez. Era o que ocurría coa traducción de «durante» por «perante» (que quer decir realmente «ante») ou co uso de «encol de» por «acerca de» cando significa «enriba de», «na cima de». Hoxe falaremos de casos parecidos. Por exemplo, (DE) CARA A tén no noso idioma un sentido de dirección moi claro: «vai cara a tua casa», «colleu cara Vigo», «volveuse cara min». Non tén, en cambio, o sentido de «con miras a», «con vistas a», que se lle atribuiu tantas veces; «de cara a facer tal cousa», «de cara a conquerir tal outra...» son mostras deste uso impropio que comentamos (este «de cara a conquerir...», tantas veces escoitado e lido, podía ir sendo sustituido dunha vez por un «con vista a conseguir» ou «pra conseguir» que son o correcto). Distingamos, pois (de) cara a» (que en español é «hacia») de «con vista a», «con miras a».

O segundo caso que rexistra un mal uso abondante é a locución CO GALLO DE: o seu significado propio é: «con motivo de», «co pretesto de»; tén, pois, un sentido causal, mais non de finalidade: «co gallo de irmos á festa, veremos ao abogado» ou «co gallo de celebrarse o aniversario, reuníronse todos nun xantar». E este o seu sentido xusto e non outros cos que aparece a miudo usado.

A preposición española «hasta» é no noso idioma ATE ou ASTRA. Tamén esiste DEICA, mais cun sentido restricto, que é o seguinte: indica o límite, o término dunha cousa; ten, pola sua orixe («de aquí a») un marcado carácter de fin, de límite ou remate: «chegou deica a estación», «deica mañá», «irá deica a súa casa». Non é correcto, en troques, o uso de DEICA fora deste sentido; non podemos usala con sentido ponderativo, por exemplo: «deica qué punto...» («até qué punto» é o correcto) ou «deica agora, todo vai ben» («até agora» ou «astra agora» é o proprio). Outra distinción máis: DESDE e perfectamente galego e non tén por qué ser sustituido indiscriminadamente por DENDE. O sentido deste é indicar punto de partida preciso: «dende Lugo á Coruña», por exemplo. Nos outros casos, débese empregar «desde».

Sé lembrar duas cousas pra rematarmos: 1) utilicemos o noso idioma en toda a sua riqueza e non nos «agarremos» maniáticamente ás mesmas palabras (pra espresarmos a idea de prosimidade, por exemplo, temos: «a carón de», «ao pé de», «á beira de», «xunto a», «cabo de», etc.); 2) usemos no seu sentido correcto e proprio as locucións arriba comentadas e prescindamos deses barbarismos hoxe tan ouvidos e lidos, do tipo «a nivel de», «en base a», «en función de»... que, lonxe de enriquecer a lingua, empobrécena, encaixándoa en «clisés» que debemos rexeitar.

CONCURSO DE ECONOMIA E SOCIOLOXIA «ALEXANDRE BOVEDA» 1978 BASES

OBXETIVOS: O Concurso «Alexandre Bóveda» de economía e socioloxía tén por fin promover o estudio e investigación de materias relacionadas coa economía e socioloxía de Galicia.

AUTORES: Poderán concurrir todas as persoas de calquer nacionalidade, que polo seu vencello, profesión, esperiencia, estudos, etc., se atopen en situación de facer un traballo ou investigación sobre os aspectos económicos e sociolóxicos da nación galega.

TEMA: O tema das monografías a presentar nesta convocatoria deberá ser inédita e terá de se referir a calquer aspecto da Economía e Socioloxía de Galicia.

IDIOMA: O idioma a empregar nos traballos será o galego.

PREMIOS: Establécese un premio en metálico de cincuenta mil pesetas (Pts. 50.000) e duas mencións honoríficas, coa obriga de edición por parte da Asociación «Amigos da Cultura» en editoriais galegas.

PRESENTACION DE ORIXINAIS: Os traballos presentaranse por triplicado, en folios medida holandesa a doble espacio. A sua estensión non poderá ser inferior a 70 holandesas, cadros ou datos aparte. Os orixinais non irán firmados nin se sinalará neles mención algunha do seu autor ou autores. Distinguiranse cun lema. En sobre aparte, figurando no esterior o lema do traballo, o autor ou autores incluirán o seu nome, enderezo e nacionalidade. Todos os comunicados relacionados co fallo do Xurado, serán a nome do firmante.

PRAZO DE ADMISION: O prazo de admisión quedará pechado as 24 horas do día 15 de xulio do 1979. Os traballos remesaranse á Asociación «Amigos da Cultura», apartado de correos 363, Pontevedra.

XURADO: O xurado, integrado por personalidades de recoñecido prestixio, será designado por «Amigos da Cultura». O Secretario do Xurado, con voz, mais sen voto, será un representante de «Amigos da Cultura». O fallo do Xurado darase a coñecer o 25 de xulio de 1979, Día da Patria Galega.

PUBLICACION DAS OBRAS: «Amigos da Cultura» resérvase o dereito de publicar as monografías premiadas en opción preferente durante o prazo de 18 meses, contado a partir da data da comunicación oficial do fallo do Xurado. As condicións do contrato ou contratos que se establezcan entre as partes, no seu caso, axustaranse ás normas dispostas polo Instituto Nacional do Libro Español (INLE) non se perdendo a propiedade intelectual do autor ou autores sobre os traballos premiados.

ACEPTACION: Entendese que todos os concursantes, polo sinxelo feito de concurrir, aceptan as presentes Bases.

Pontevedra, ano 1978.

MUSICA

SYMPOSIUM DE CREACION ARTISTICA SOBRE DA GUITARRA

Un dos máis graves problemas da vida musical no noso país, é o sea aillamento do medio social e o absoluto desconocemento dende éste. Polo San Xoán, fíxose en Santiago unha mesa redonda encol da problemática da cultura galega; os organizadores, de difícilmente negable nacionalismo, esqueceron sentar na mesa a alguén que falara de música, e nunha das ponencias —ditas por un dos nosos políticos máis novos e

prometedores— sobor do desenrolo cultural galego nos derradeiros anos do franquismo, referiuse ao campo musical amosando un claro desprecio pola música popular e afirmando que a nosa música chegou moi alta nistes anos, gracias... aos cantautores que axudaron á politización do pobo; nin que decir tén que o labor de os Groba, López Calo, Villanueva, Feldmann, Guerra de Orcajo ou Mallo non mereceu nin a mención. Esta anécdota non tería meirande importancia de non ser diagnóstica dunha situación crónica.

Esta situación sigue a esistir coa mesma intensidade no campo cultural e artístico; a revista «Grial» en quince anos de vida pubricou somente sete artículos que remitan ao musical —deles, dous terían cabida plena nunha revista de metafísica— e somente catro están en galego; prefiro non falar do trato recibido na prensa cando de música se trata. E si falamos dos cenáculos literario-artísticos galegos, teremos a proba dun desconocemento abafante que ronda o desprecio máis directo.

Niste marco social, engádese a iniciativa da «Agrupación guitarrística galega» de convocar un «Symposium» sobre da guitarra no que colaboren artistas plásticos, literatos, grupos de teatro, críticos e, xa que logo, músicos. A parte máis pública é a esposición que recibiu noventeduas pinturas, dazanove esculturas e catro coleccións fotográficas. pro, arredor dela, terán lugar diversidade de actos —anunciados todos eles na «Axenda»— que teño a espranza de que resulten fructíferos. Sí o será, alomenos, a mesa redonda anunciada como peche do «Symposium», e na que se fará unha cousa tan pouco practicada como é o diálogo.

Compre denunciar que a iniciativa non atopou todo o eco que se podía esperar; o «Faro de Vigo» do día de Santos nin anunciaba a inauguración, a alcaldesa provisional non se presentou e... Doutra banda, a actividade da agrupación aínda non tivo o refrendo económico que necesita. Ao parecer, o Duque de Alba tén moito que facer matinando como se manter no seu despacho e non lle queda tempo nin ganas de xustificar a esistencia do seu cargo. Aínda que non fora máis que polo importantísimo arquivo quitarrístico que se está a facer, xa teríamos que esixir un mínimo apoio. Pro o mesmo Hotel Bahía lles creou problemas, ao non darlles o local decia doce horas denantes da apertura e ao lles reducir a mitade o espacio contratado, o que obrigou a ter que non espoñer algunhas obras.

Pra rematar, quixera, deixar constancia da miña queixa pola redacción en castelán do programa. Paréceme unha concesión innecesaria e unha perda de tempo no camiño a percorrer. Esto é tan dooroso que me fixo esquecer o inefable testo de presentación, auténtico modelo de kitsch, cáseque castelariano.

O meu consello é achegarse a Vigo e ver a exposición e, de poder ser, participar nalgún dos actos. Galicia non tén tempo pra atender a certos «puristas» que din que como a quitarra non é galega, a Agrupación non tén importancia cultural. ¡Arrenégote demo!

XOAN M. CARREIRA

axenda

ARTE

Jorge Castillo: Oleos, acuarelas e grabados en Torques, Santiago. Deica o 19 de novembro.

ACTOS

Unha esperiencia pedagóxica de normalización do galego con alumnos español - falantes. Por Pilar García Negro dentro dos cursos-coloquio encol do tema «Problemática das linguas sin normalizar. Situación do galego e alternativas». Organiza o Instituto Socio-Pedagóxico Galego sábado, 11, ás 11,30 da mañá, na Facultade de Económicas de Santiago.

FESTAS

Festa do Magosto en Ourense, sábado 10. O Magosto consiste nunha gran fogueira na que se asan castañas, beilando e saltando os participantes arredor das mesmas e cantando cancións galegas. As castañas, de asadas, pártense entre os miróns ben regadas con viño do Ribeiro ou de onde señe. E o Frente Cultural da AN-PG organiza tamén unha

Festa Nacional - Popular do Magosto. O mesmiño, pero en nacionalista, que aínda cadra millor. Pensando na capacidade nutritiva da castaña, convén apurarse cara Ourense canto antes.

Pra os que gosten de farra máis pequecha —ou lles cadre máis perto e non teñan ganas de darlle ás canelas (ou ás rodas)— teñen o San Martiño en Bueu, en Moaña e en Osebe (equí con feira de cabalos).

MUSICA

Así es Galicia. Varios. Gramusic GM-588.

Sinfonía n.º 4 en Mi menor Op. 98 e **Obertura Tráxica** Op. 81. Johannes Brahms. Concert Hall-Movieplay 17.1237 / 0 (Grand Prix da Academia Charles Cros).

Simposium de creación artística encol da Guitarra. Día 10, recital clásico; 12, recital de música contemporánea; 14, táboa redonda e coloquio; 15, Teatro sin verbas, música en quitarra. Clausura da esposición plástica. Organiza a Agrupación Guitarrística Galega. No salón «Bitácora» do Hotel Bahía de Vigo.

RNE. 3.º Programa FM. Día 10 ás 19.30. NOMOS ALPHA de Iannis Xenakis. Luis Claret, violonchelo.

A maid in Bedlam. The John Renbourn Group. CFE-Guimbarda TS-380000. Pvp. 550 ptas. Interpretación 8; Grabación 8.

CINE

Un hombre llamado Flor de Otoño, de Pedro Olea, con José Sacristán, Francisco Algora, Carmen Carbonell e Roberto Camardiel. Lluis de Serracaut (Flor de Otoño), de personalidade complexa, homosexual (o que o obriga a levar unha doble vida nocturna), de tendencias libertarias, voa o tren que levaría deica Barcelona a Primo de Rivera. Este abogado de boa familia pagará coa sua vida o intento de cambear a sociedade dos anos 20.

O RECUNCHO DO LAMBON

Os cabazos

Nestes días de colleita e esfolla, de aturuxos e viño novo, aparecen no panorama culinario da cociña labrega os **cabazos,** eses irmáns probes da familia das cucurbitáceas, o mesmo que a sandía e o melón, que neste caso se teñen en moita estima; e que coma eles se sementou entre o maio e o abril, que medrou coas choivas da primaveira e o amor do paisano ao froito do seu traballo. Pranta anual, trepadora e hortícola, e que amáis de sementarse pra servir de comida pra os porcos e vacas, poden facer nun día de festa un doce esquisito: senón veremos.

CHULAS DE CABAZO

Cóllese primeiramente un cabazo, grande, curado (eso conocerédesllo pola coor moi amarela) e ben cumprido; pártese en anacos cunha machada —ollo, pois é mais duro do que algunha xente se imaxina—, un por un hai que mondar os cachos e poñelos nunha tixola grande con auga, e cocelos —naturalmente no lume.

Cando cun tenedor se nota que están brandos, tíraselles a auga e vanse machacando os pedazos un por un nunha fonte hastra facer del unha masa —hai xente con paciencia, pro eu, que non teño tanta e vivo na sociedade «consumida», métolle o «minipimerterceirobrazo» e nun momento teño a masa feita.

E o intre de botarlle os condimentos: unha cucharada de fariña, un ovo da casa batido, un case nada de canela e un pouco de zucre, remexéndoo todo moi ben pra que se misture perfectamente.

Ponse aceite nunha tixola ao lume, e cando esteña ben quente van botándoselle cucharadas desa masa, dáselle a volta pra que se fritan polos lous lados, e ben escurridas colócanse nunha fonte esoolvoreándolle por enriba zucre e canela.

NOTA: Recoméndovos que as comades ao día seguinte —se vos deixaron algunha— pois resesas saben aínda millor.

DOCE DE CABELO DE ANXO

Cántas veces comemos o que non sabemos de onde ven, cántas! Por exemplo o doce devandito, que únicamente se fai con cabazo cortado en tiriñas moi finas que se cocen con moito zucre en pouca auga e con zume de limón, deixándoa espesar no lume hastra a consistencia de doce.

Bueno meus queridos lampantíns —perdón, lambóns—, hastra a semá que vén, que falaremos —dos **chourizos de potefa (cabazo).**

MANUEL VAZQUEZ CAMINO

CRUCIGRAMA

HORIZONTAIS:
1.—Seitura. Traballe a terra. 2.—Voz militar. Encarambelas. Campeón. 3.—Nitróxeno. ¿Onde está? Consonante. 4.—Abreviatura de Señor. Parte da carne. Bo. 5.—Ao roves, ara. Ao roves, nome de varón. 6.—Ao rovés, quentura. Verque gota a gota. 7.—Ao rovés, desvariada. Espiraba brusca, convulsa e ruidosamente o ar contido nos pulmóns. 8.—Peza do muiño. Augardente. Batracio. 9.—Nada. Organización das televisións Iberoamericanas. Consonante. 10.—Empresa de socios. Arrenda. Ao rovés, nota musical. 11.—Estea. Tormenta.

VERTICAIS:
1.—Cadelos. Ladrona, figurado. 2.—Terminación verbal. Ao rovés, berrar. Partido político. 2.—Un. Repetido, onomatopeia da galiña. Cero. 4.—Nota musical. Door de cabeza intenso. Interxección de door. 5.—Ave noitébrega, ao rovés. Voadora parcida á pomba, máis pequena. 6.—Pronome, plural. Marca dun deterxente español. 7.—Ao rovés, de calidade. Parte superior da porta. 8.—Aire. Asento a cabeza. Ao rovés, batracio. 9.—Cen. Organización económica estatal española. Vocal. 10.—Ao rovés, Interrogación. Remar. Ao rovés, interxección pra escorrentar ás galiñas. 11.—Dáselles aos probes de pedir. Lapea.

SOLUCIONS AO CRUCIGRAMA DO NUMERO 36:
HORIZONTAIS: 1.—ACAI. BROA. 2.—VIAN. ERAMOS. 3.—O. PALLETA. A. 4.—ODECA. AESAR. 5.—LONTRA. 6.—ANDE. F. 7.—ES. DRUÍDICO. 8.—LODAA. MEL. 9.—LA. ABALAR. 10.—MEXAR. ABA. 11.—OSO. ADROS.

ANUNCIOS DE BALDE

Quixera facerme co conto de Xosé Luis Méndez Ferrín «Elipsis», publicado no voceiro do Centro Galego de Baracaldo. **F. Cadaval Ayaso, R/Rosendo Salvado, 16-1.º A. Santiago.**

Danse clases de matemáticas e máis de física. BUP, COU, selectivo. **Alfredo Brañas, núm. 12, 2.º Dereita. Télf. 591737. Santiago.**

Pregaría que alguén que conocera algún sitio, escola ou o que seña onde se impartiran clases de gaita ou zanfona na Coruña, mo comunicara canto antes mellor. **X. Lois Lorenzo Soto. calle Paraguay Edificio «El Pinar», 5.º dereita, A Coruña.**

Mestre industrial, coche propio, busca traballo na zona de Sarria, Lugo ou Monforte. Relacionado ou non coa profesión. **Xosé Ramón Rodríguez Fernández. Penaxubeira, Rubián de Cima. Lugo.**

CARTAS

CANARIAS E GALICIA

COMPAÑEIROS:

Encol do artículo de X. Cambre no número 32 sobor do caso canario, coido interesante facer unha pequena consideración a todos os galegos interesados na liberación da nosa terra.

Aínda atendendo ás diferencias entre ambas nacións, Canarias e Galicia, hoxe colonias do Estado Español, e as diferentes liñas políticas do MPAIAC e do MN-PG en xeral, as organizacións do MN-PG, ao que pertenezo, saben que a liña de acción do MPAIAC de Cubillo Ferreira non é comenente na etapa histórica actual de Galicia, cando o que interesa é que medre a conciencia nacional no noso pobo máis que chamar a atención cno certas accións armadas (máis ou menos lóxicas) coma con outras máis propiamente teatrais (simulacros, certas emisións de «La voz de Canarias libre»...) que non reforzan a conciencia de loita no pobo.

Nembargantes, o MN-PG tén que recoller da evolución do caso canario deica hoxe unha esperiencia máis das loitas de liberación. Estoume referindo ao montaxe diplomático do MPAIAC en Africa. Cando Xesús Cambre dí que os outros grupos nacionalistas foron esnaquizados polo fascismo coido que non é ben certo; hai e houbo organizacións canarias, moito máis coherentes, non conocidas e sin o apoio que pode ter hoxe o MPAIAC, e é así non porque os de Cubillo señan máis, ao contrario, senón porque, aínda que poidan chegar ao pobo canario (hoxe non o teñen fácil), non souperon reflexar a situación das Illas ao resto de pobos socialistas ou en loita pola soeu liberación, que descoñocen o seu traballo e mesmo a sua esistencia.

Vexo oportuno pois que o MN-PG, máis numeroso e organizado que o canario, e máis desconocido, saía de Galicia (sen renunciar á sua loita de concienciación), e tome contactos con outros movementos de liberación do mundo (a Carta de Brest) quédase cortiña pola sua xeleza). Temos un bó exemplo no pobo eritreo, enfrentado ao estado socialista etíope nun conflicto incomprensible entre dous bandos revolucionarios. a temo. hoxe mostras: certos movementos nacionalistas africanos (SWAPO,...) mantiveron hai unhas semás conversas en Madrid co PCE: desconocendo logo cal é a situación do Estado español e dos grupos estatais da esquerda. O F. POLISARIO, vangarda do pobo saharaui, anda tolo polas relacións coas organizacións das nacións do Estado español... etc., etc.

A ter en conta na nosa loita.

¡SAUDE!

Xaquín TEIRO LUACES
Barcelona

CULTURA GALEGA EN ELGOIBAR

Sra. Directora

Quixera comunicarlle que dende hai algún tempo un fato de galegos están promovendo a «Casa da Cultura» de Elgóibar, alternativa que está a ser ben acollida pola colonia galega.

O pasado día 20 de outono presentóuselles A NOSA TERRA, periódico que tivo moita acollida polos alí asistentes, que manifestaron o seu apoio ao devandito periódico.

Un saúdo patriótico.

XAIME LUXILDE,
Azpeitia

A CANCION POPULAR

Somos un grupo de mestres das Cabezas de San Juan —Sevilla— que quixeramos entrar en contacto con xente que teña ou poida mandarnos partituras e letras de cancións populares de Galicia co fin de darllas a conocer por este país, e crear dende nenos a solidaridade entre os pobos. O noso enderezo é: C. N. M.ª Luisa Pagés (Carlos Dueñas). Las Cabezas de San Juan. Sevilla.

M.ª do Carme DOMINGUEZ
Sevilla

Encrucillada
Revista galega de pensamento cristián

A NOSA TERRA

¿QUE É UNHA CONSTITUCION?

MARIA TERESA CONDE-PUMPIDO

A actualidade política tén un nome: Constitución; pero dos diversos comentarios que orixina, estase a ver unha tendencia a pensar que a Constitución vai a ser panacea, o remedio a todos os males da dicatadura, polo mero feito de que teñamos unha constitución, o cal non é certo, porque tamén nos derradeiros coarenta anos tivemos constitución, as Leis «fundamentais». Semella, máis ben, que non hai unha idea clara do que é unha constitución, e o que a mesma pode significar.

A evolución do concepto tén variado ó longo dos séculos; hoxe fálase de Constitución dende dous puntos de vista: dende o punto de vista material, a Constitución dun país é o conxunto das suas institucións políticas, e dendo o punto de vista formal, é un testo especial, escrito por un órgano político tamén especial, con procedementos máis ou menos solemnes; iste testo vai conter especialmente as institucións políticas (ou seña, a estructura política do réximen establecido no pais), además doutras disposicións.

No século XVIII, aparece a noción da constitución como un conxunto de leis que organizan un país; constitución vén ser o mesmo que estructuración racional do sistema de goberno. Pero xa que a filosofía da época comprendía a sociedade como nacida dun pacto entre os homes, cos conseguintes dereitos e obrigas, a constitución vense configurar como o mesmísimo «contrato social», obrigando a todos os gobernantes a someter as suas leis e programas de goberno ao marco establecido pola Constitución. Establécese, así, o principio da supremacía da Constitución, que tén o seu apoio en duas cousas: por una banda, en que pra modificar esa Constitución tense que seguir un procedemente especial, diferente do sistema lexislativo ordinario (pode ser un órgano especial, pode ser preciso un referéndum, etc). Por outra banda, aínda que os gobernos —quitado en situación de aberta dictadura— non se astrevan a violar claramente a constitución, o xeito verdadeiramente efectivo de manter a Constitución como garantía dises principios políticos que ela mesma establece, é a creación dun órgano independente que poda decidir sobor da constitucionalidade ou anticonstitucionalidade das leis, normas ou decisións dun goberno. Esto, normalmente, ten duas solucións, a cal pior: ou ben o control se fai por un órgano político, que se convertiría así nun goberno na sombra, xa que asegún as leis foran apoiadas ou non polo seu partido, así as considerarían ou non axustadas á constitución, ou ben o control se leva a cabo por medio do poder xudicial: eq que na práctica demostrouse que a tendencia xeral dos xueces —sobor de todo tendo de conta que se trata normalmente dun Tribunal especial formado por maxistrados con esperiencia e prestixio, e xa que logo tamén con anos—, pola sua formación, mentalidade e oficio, era marcadamente conservadora. Cecais por iso, son moitos os Estados democráticos que non tén establecido ningún control da constitucionalidade.

Aínda que, como decíamos ao escomenzar, realmente a Constitución tén por fin fixar as institucións políticas, o tipo de réxime político que se vai impor a partir da declaración da independencia americana, normalmente unha parte das Constitucións refírense aos dereitos e libertades dos ciudadanos, limitando, así, o poder dos gobernantes. Esténdese, en certo modo, a tesis do contrato social; non somente se acorda antre os ciudadanos de qué xeito se vai rexir políticamente esa sociedade, senón tamén cales son as libertades públicas que isa sociedade lles vai reconocer aos seus membros.

A Constitución, pois, vai respostar a uns cantos problemas: por unha banda, cal vai ser o fundamento do poder político de réximen que se establece, sendo normal que os estados que adoptan unha constitución baseen a soberanía no pobo; establécese tamén a estructura do poder, normalmente na división dos tres poderes clásicos: como se vai elexir o executivo, ou seña o goberno; como se vai configurar o poder lexislativo, ou seña se vai a haber un Parlamento, ou unha Asamblea, ou un Congreso, etc., como se van elexir os seus membros, e qué competencias van ter estes órganos; en derradeiro lugar, como se estructura o poder xudicial, e os seus fundamentos. Lóxicamente, a Constitución recollerá cal é a fórmula suprema de organización (República, monarquía), e cal a sua estructuración como Estado (unitario, federal, confederal) aínda que normalmente estes problemas xa se decidiron denantes de facerse a Constitución, que somentes os rubrica. E por fin, a constitución vai decidir cales son as limitacións dos órganos políticos, ou seña, se os gobernantes tén dereito a intervir en todo ou ben se se establecen uns dereitos dos ciudadanos e uns procedementos pra asegurar o seu respeto, tanto por parte do Estado como dos restantes membros da sociedade.

Realmente, unha Constitución vai ser normalmente moi breve; somente reseña os principios esquemáticos do que vai ser a sociedade baixo dun determinado réxime político, se as reglas de xogo son moitas, se tentan contemplar todos os problemas, ou ben o sistema se convirte en algo ríxido, somente válido en certas circunstancias históricas, ou ben ao final a interpretación dos valores políticos establecidos Constitución vai estar a mercede de quén mande, co que o valor de reglas de xogo se perde, ao desaparecer a seguridade de principios mínimos inamovibles que a xustifican: unha constitución pode dar leis máis ou menos abertas, progresivas ou conservadoras, pero somente pode dar unha sociedade.

Polo mesmo que unha Constitución non pode resolver todos os problemas, tampouco vai ser a garantía absoluta de que istes se resolvan: unha cousa é que se establezcan uns dereitos mínimos, e outra a interpretación dos mesmos, e así, por exemplo, é que esista o dereito a un salario mínimo ou abondante, como fai a constitución en proiecto, e facían tamén as leis fundamentais franquistas, e outra ben distinta é que gobernantes e ciudadanos teñan un unha opinión diferente sobor de si 600 pts. día en 1978, son ou non son uns salarios «suficientes».